

INSTITUTO DE ENSEÑANZA SECUNDARIA

“VALLE INCLAN”

PONTEVEDRA

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA

DEPARTAMENTO DE FÍSICA E QUÍMICA

CURSO 2018-2019



INDICE

1. INTRODUCCIÓN E CONTEXTUALIZACIÓN.....	6
2. A FÍSICA E QUÍMICA NO ENSINO SECUNDARIO.....	7
2.1.CONTRIBUCIÓN DAS MATERIAS Á ADQUISICIÓN DAS COMPETENCIAS BÁSICAS NO ENSINO SECUNDARIO OBRIGATORIO.....	
2.2.OBXECTIVOS DO ENSINO SECUNDARIO OBRIGATORIO...	
2.3.OBXECTIVOS XERAIS DA MATERIA FÍSICA E QUÍMICA NO ESO.....	
2.3.1. PRIMEIRO CICLO.....	
2.3.2. SEGUNDO CICLO.....	
2.4.OBXECTIVOS DAS ASIGNATURAS DE BACHARELATO.....	
2.4.1. PRIMEIRO CURSO: FÍSICA E QUÍMICA.....	
2.4.2. SEGUNDO CURSO DE BACHARELATO	
2.4.2.1. FÍSICA	
2.4.2.2. QUÍMICA	
3. PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA ENSINO SECUNDARIO	15
3.1. SEGUNDO CURSO DA ESO.....	16
3.1.1. XUSTIFICACIÓN TEÓRICA DA CONCRECIÓN DE CONTIDOS.....	
3.1.2. CONCRECIÓN DE CONTIDOS.....	
3.1.3. AVALIACIÓNS: CONTIDOS. TEMPORALIDADE.....	
3.1.4. PROCEDEMENTOS DA AVALIACIÓN.....	
3.1.5. INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN.....	
3.1.6. CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN.....	
3.1.7. ELABORACION DÁ NOTA FINAL DE CADA AVALIACION.....	
3.1.8. ELABORACIÓN DA NOTA FINAL DE CURSO.....	
3.1.9. MATERIAIS E RECURSOS DIDÁCTICOS, INCLUÍDOS OS LIBROS DE TEXTO.....	
3.1.10. AVALIACIÓNS INICIAIS NA ESO E ATENCIÓN A DIVERSIDADE....	
3.2. TERCEIRO CURSO DA ESO.....	22
3.2.1. XUSTIFICACIÓN TEÓRICA DA CONCRECIÓN DE CONTIDOS.....	
3.2.2. CONCRECIÓN DE CONTIDOS.....	
3.2.3. AVALIACIÓNS: CONTIDOS. TEMPORALIDADE.....	
3.2.4. PROCEDEMENTOS E INSTRUMENTOS DA AVALIACIÓN.....	
3.2.5. CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN.....	
3.2.6. ELABORACION DÁ NOTA FINAL DE CADA AVALIACION.....	
3.2.7. ELABORACIÓN DA NOTA FINAL DE CURSO.....	
3.2.9. MATERIAIS E RECURSOS DIDÁCTICOS, INCLUÍDOS OS LIBROS DE TEXTO.....	
3.2.10. AVALIACIÓNS INICIAIS NA ESO E ATENCIÓN A DIVERSIDADE....	
3.3. CUARTO CURSO DA ESO.....	28



3.3.1. XUSTIFICACIÓN TEÓRICA DA CONCRECIÓN DE CONTIDOS.....	
3.3.2. CONCRECIÓN DE CONTIDOS.....	
3.3.3. AVALIACIÓNS: CONTIDOS. TEMPORALIDADE.....	
3.3.4. PROCEDEMENTOS E INSTRUMENTOS DA AVALIACIÓN.....	
3.3.5. CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN.....	
3.3.6. ELABORACION DÁ NOTA FINAL DE CADA AVALIACION.....	
3.3.7. ELABORACIÓN DA NOTA FINAL DE CURSO.....	
3.3.8. MATERIAIS E RECURSOS DIDÁCTICOS, INCLUÍDOS OS LIBROS DE TEXTO.....	
3.3.9. AVALIACIÓNS INICIAIS NA ESO E ATENCIÓN A DIVERSIDADE	
3.3.10. PLANS DE TRABALLO PARA A RECUPERACIÓN DE ALUMNOS COA FÍSICA E QUÍMICA DE 2º ESO ou 3º ESO PENDENTE.....	33
3.3.11. PROGRAMACIÓN EN EDUCACIÓN DE VALORES.....	
4. PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA BACHARELATO.....	35
4.1. PRIMEIRO CURSO DE BACHARELATO. FÍSICA Y QUÍMICA.....	36
4.1.1. XUSTIFICACIÓN TEÓRICA DA CONCRECIÓN DE	
4.1.2. CONCRECIÓN DE CONTIDOS.....	
4.1.3. AVALIACIÓNS: CONTIDOS. TEMPORALIDADE.....	
4.1.4. PROCEDEMENTOS E INSTRUMENTOS DA AVALIACIÓN.....	
4.1.5. CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN.....	
4.1.6. ELABORACIÓN DA NOTA FINAL DE CADA AVALIACIÓN.....	
4.1.7. ELABORACIÓN DA NOTA FINAL DE CURSO.....	
4.1.8. MATERIAIS E RECURSOS DIDÁCTICOS, INCLUÍDOS OS LIBROS DE TEXTO.....	
4.1.9. AVALIACIÓN INICIAL E ATENCIÓN A DIVERSIDADE.....	
4.2. SEGUNDO CURSO DE BACHARELATO. FÍSICA.....	42
4.2.1. XUSTIFICACIÓN TEÓRICA DA CONCRECIÓN DE CONTIDOS.....	
4.2.2. CONCRECIÓN DE CONTIDOS.....	
4.2.3. AVALIACIÓNS: CONTIDOS. TEMPORALIDADE.....	
4.2.4. PROCEDEMENTOS E INSTRUMENTOS DA AVALIACIÓN	
4.2.5. CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN.....	
4.2.6. ELABORACIÓN DA NOTA FINAL DE CADA AVALIACIÓN.....	
4.2.7. ELABORACIÓN DA NOTA FINAL DE CURSO.....	
4.2.10. MATERIAIS E RECURSOS DIDÁCTICOS, INCLUÍDOS OS LIBROS DE TEXTO.....	
4.3. SEGUNDO CURSO BACHARELATO. QUÍMICA.....	48
4.3.1. XUSTIFICACIÓN TEÓRICA DA CONCRECIÓN DE CONTIDOS.....	
4.3.2. CONCRECIÓN DE CONTIDOS.....	
4.3.3. AVALIACIÓNS: CONTIDOS. TEMPORALIDAD.....	
4.3.4. PROCEDEMENTOS E INSTRUMENTO DA AVALIACIÓN	



4.3.5. CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN.....	
4.3.6. ELABORACION DÁ NOTA FINAL DE CADA AVALIACION.....	
4.3.7. ELABORACIÓN DA NOTA FINAL DE CURSO.....	
4.3.8. MATERIAIS E RECURSOS DIDÁCTICOS, INCLUÍDOS OS LIBROS DE TEXTO.....	
4.3.9. RECUPERACIÓN DE ALUMNOS PENDENTES DE PRIMEIRO CURSO DE BACHARELATO.....	54
4.3.10.- ACREDITACIÓN DA CONDICIÓ PARA CURSAR FÍSICA OU QUÍMICA DE 2º BACH. SEN TER CURSADO A FÍSICA E QUÍMICA DE 1º BACH.	54
5. ESPAZOS E RECURSOS.....	55
5.1. OS ESPAZOS DOS LABORATORIOS E SÚA CAPACIDADE.....	
5.2. A UBICACIÓN DOS ALUMNOS E AS NECESIDADES DE PROFESORADOS	
5.3. OS MATERIAIS.....	
6. O BACHARELATO DE ADULTOS.....	56
6.1. PRIMEIRO CURSO. FÍSICA E QUÍMICA.....	
6.1.1. CONCRECIÓN DE CONTIDOS, AVALIACIÓNS, TEMPORALIDAD, PRODEMENTOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN.....	
6.1.2. CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN:.....	
6.1.3. ELABORACIÓN DA NOTA FINAL DE CADA AVALIACIÓN.....	
6.1.4. ELABORACIÓN DA NOTA FINAL DE CURSO.....	
6.2.SEGUNDO CURSO. FÍSICA.....	
6.2.1. CONCRECIÓN DE CONTIDOS, AVALIACIÓNS, TEMPORALIDAD, PRODEMENTOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN.....	
6.2.2. CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN:.....	
6.2.3. ELABORACIÓN DA NOTA FINAL DE CADA AVALIACIÓN.....	
6.2.4. ELABORACIÓN DA NOTA FINAL DE CURSO.....	
6.3. SEGUNDO CURSO. QUÍMICA.....	
6.3.1. CONCRECIÓN DE CONTIDOS, AVALIACIÓNS, TEMPORALIDAD, PRODEMENTOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN.....	
6.3.2. ELABORACION DÁ NOTA FINAL DE CADA AVALIACION.....	
6.3.3. ELABORACIÓN DA NOTA FINAL DE CURSO.....	
7. ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS EXTRAESCOLARES.....	57
8. PROCEDEMENTOS PARA AVALIAR A PROPIA PROGRAMACIÓN.....	57
9. ACCIÓNS DE CONTRIBUCIÓN AO PROXECTO LECTOR.....	57
10. ACCIÓNS DE CONTRIBUCIÓN AO PLAN TIC.....	57



11. ACCIONES DE CONTRIBUCIÓN AO PLAN DE CONVIVENCIA.....	58
12. ANEXO I ESO Contidos, Criterios de avaliación, Estándares de aprendizaxe e Competencias Clave.....	59
14. ANEXO II BACHARELATO Contidos, Criterios de avaliación, Estándares de aprendizaxe e Competencias Clave.....	97 98



1. INTRODUCCIÓN E CONTEXTUALIZACIÓN

O Departamento de Física e Química do IES Valle Inclán desenvolve a súa actividade nun centro que conta na actualidade con catro cursos de Ensino Secundario Obrigatoria, cinco de Bacharelato diúrno e os Bacharelatos na modalidade de Adultos.

	DIURNO					NOCTURNO		Total
	2º ESO	3º ESO	4º ESO	1º Bach	2º Bach	1º Bach	2º Bach	
Grupos	4	4	3	3	4*	1	2*	22
Horas/grupo	3	2	3	4	4	4	4	
Horas Lab	4	4	3	3	2	0	0	13
Total horas	12+4	8+4	9+3	12+3	16+2	4	8	85

*Dous de Química e dous de Física en diúrno; 1 de física e 1 de química en nocturno.

A realización de actividades prácticas que permitan que o alumnado adquira as competencias básicas de tipo experimental que esixen as materias de Física e Química, ven contemplada na LOMCE. Neste curso, dótase ao departamento de un número de horas suficiente para levar acabo prácticas en todos os cursos en maior o menor medida.

A extracción social do alumnado correspóndese con familias de clase media nas que é significativa a presenza de funcionarios e/ou profesións liberais, aínda que nos últimos anos experimentouse un notable aumento de alumnado procedente da emigración latinoamericana nos primeiros cursos da ESO.

RELACION DE PROFESORES DO DEPARTAMENTO

Nome e apelidos	Corp	Cargo	Situación	NRP
Javier Piñeiro Rivas	590	Xefe Dpto.	Definitivo	3259095624
Silvia Miranda Romero	590		Expectativ	
Margarita Gómez Pallares	590		Prácticas	
Cristina Rodríguez Beiro	590		Interina	
Pablo López Muñoz			Sustituto	

ASIGNACIÓN DE CURSOS E GRUPOS NO DEPARTAMENTO

Nombre y apellidos ↓ Cursos→	DIURNO					NOCTUR	
	2º ESO	3º ESO	4º ESO	1º Bach	2º Bach	1º Bac	2º
Javier Piñeiro Rivas		LAB A,B,C,D	--	FQ:C	F:A/B,C	--	-
Silvia Miranda Romero	FQ:A Lab:D,B	FQ: A	FQ:A/B, C	Lab: A	LF:A/B Q: A/B	-	-
Margarita Gómez Pallares	FQ: C,D Lab:A	FQ:B	FQ: D Lab: C	Lab: B	Q: C LQ: A/B	--	-
Cristina Rodríguez Beiro	FQ: B Lab: C	FQ:C,D	Lab: A/B,D	FQ: A,B	--	--	-
Pablo López Muñoz						FQ	F Q
TOTAL	16	12	12	14	18	4	8



2. A FÍSICA E QUÍMICA NO ENSINO SECUNDARIO

CONSIDERACIÓNS PREVIAS

O conxunto de coñecementos dos alumnos cando acceden ao primeiro curso de Bacharelato era, ata o momento actual, insuficiente tendo en conta os obxectivos propostos para ese curso.

En certa medida a LOMCE vén cubrir esta deficiencia da LOE, establecendo que a materia de Física e Química terá unha presenza de 5 horas no primeiro ciclo do ESO¹ (tres horas en segundo curso e dúas en terceiro).

“No primeiro ciclo de ESO débense *afianzar e ampliar os coñecementos* que sobre as ciencias da natureza foron adquiridos polo alumnado na etapa de educación primaria. O enfoque co que se procura introducir os conceptos debe ser fundamentalmente fenomenolóxico; deste xeito, a materia preséntase como a explicación lóxica de todo aquilo ao que o alumnado está afeito e coñece. É importante sinalar que neste ciclo a materia de Física e Química **pode ter carácter terminal**, polo que o seu obxectivo prioritario será o de contribuír á cimentación dunha cultura científica básica.”²

Pero tamén pode ter carácter propedéutico, pois a LOMCE contempla a posibilidade de que o alumnado elixa a **Física e Química** na rama de ensinos académicos e/ou a **Ciencias Aplicadas a Actividade Profesional**³.

En cuarto curso da ESO esta materia terá, tal e como establece a Lei.

“un carácter esencialmente formal, estando enfocada a dotar o alumnado de capacidades específicas asociadas a esta disciplina. Cun esquema de bloques similar [...] aséntanse as bases dos contidos que en primeiro de bacharelato recibirán un enfoque máis educativo.”⁴

2.1. CONTRIBUCIÓN DAS MATERIAS Á ADQUISICIÓN DAS COMPETENCIAS BÁSICAS NO ENSINO SECUNDARIO OBRIGATORIO

A meirande parte dos contidos de Física e Química ten unha incidencia directa na adquisición do que chamaremos **Competencia en Coñecemento e Interacción co Mundo Físico** o que implica encontrar relacións de causalidade ou influencia en sistemas complexos, nos que interveñen varios factores. A materia leva a familiarización co traballo científico mediante o tratamento de situacións de interese, a discusión e achega

¹ DECRETO 86/2015, do 25 de xuño (DOG núm 120 luns, 29 de xuño de 2015. Anexo IV páx 26919)

² Ibid.

³ Cuxo currículo (DOG núm 120 luns, 29 de xuño de 2015, pax 25561-69) permite constatar a relación preferente co departamento de Física e Química.

⁴ DECRETO 86/2015



do sentido das situacións propostas, a análise cualitativa, formulación de conxecturas e inferencias fundamentadas, a elaboración de estratexias para obter conclusións, incluíndo, no seu caso, deseños experimentais, e a análise dos resultados

A contribución da Física e Química á consecución das competencias básicas da Educación Obrigatoria é esencial, e materialízase nos vínculos concretos que mostramos a continuación.

- 1.- **Comunicación lingüística (CCL)** A materia esixe a configuración e a transmisión das ideas e informacións. O coidado na precisión dos termos utilizados, no encadeamento adecuado das ideas ou na expresión verbal das relacións fará efectiva esta contribución. O dominio da terminoloxía específica permitirá, ademais, comprender suficientemente o que outros expresan sobre ela.
- 2.- A **competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía (CMCCT)** está intimamente asociada ás aprendizaxes que se abordarán. A utilización da linguaxe matemática para cuantificar os fenómenos e expresar datos e ideas sobre a natureza proporciona contextos numerosos e variados para pór en xogo os contidos procedementos e formas de expresión acordes co contexto, coa precisión requirida e coa finalidade que se persiga. No traballo científico preséntanse a miúdo situacións de resolución de problemas de formulación e solución máis ou menos abertas, que esixen pór en xogo estratexias asociadas a esta competencia.
- 4.- **Competencia dixital (CD)** Na faceta de competencia dixital contribúese a través da utilización das tecnoloxías da información e a comunicación na aprendizaxe das ciencias para comunicarse, solicitar información, retroalimentala, simular e visualizar situacións, obtención e tratamento de datos, etc. Trátase dun recurso útil no campo das ciencias da natureza e que contribúe a mostrar unha visión actualizada da actividade científica.
- 5.- **Competencias sociais e cívicas (CSC)** está ligada ao papel da ciencia na preparación de futuros cidadáns dunha sociedade democrática para a súa participación na toma fundamentada de decisións. A alfabetización científica constitúe unha dimensión fundamental da cultura cidadá, garantía de aplicación do principio de precaución, que se apoia nunha crecente sensibilidade social fronte ás implicacións do desenvolvemento tecnocientífico que poidan comportar riscos para as persoas ou o medio ambiente.
O estudo destas relacións e estes contidos que expresan unha auténtica cultura cidadá farán posible o coñecemento e a comprensión dos vínculos entre a ciencia e a tecnoloxía, os problemas aos que se enfrontan, como previlos e tratalos para avanzar no proceso de procura e aplicación de solucións, suxeitas ao principio de precaución aludido para avanzar cara a un futuro sustentable.
- 6.- **Competencia para aprender a aprender. (CAA)** Son competencias que se desenvolven por medio da utilización de recursos como os esquemas, mapas conceptuais, a produción e presentación de memorias, textos, etc.
- 7.- **Sentido de iniciativa e espírito emprendedor (CSIEE)**, competencia que se estimula a partir da formación dun espírito crítico, capaz de cuestionar dogmas e desafiar prexuízos, desde a aventura que supón enfrontarse a problemas abertos e participarna construción tentativa de solucións; desde a aventura que constitúe facer ciencia.
- 8.- **Conciencia e expresións culturais (CCEC)** supón coñecer, comprender, apreciar e valorar criticamente diferentes manifestacións culturais e artísticas, mediante a adquisición dunha cultura xeral de tipo científico.



2.2 OBXECTIVOS DO ENSINO SECUNDARIO OBRIGATORIO⁵

A educación secundaria obrigatoria contribuirá a desenvolver nos alumnos e nas alumnas as capacidades que lles permitan:

- a) Asumir responsablemente os seus deberes, coñecer e exercer os seus dereitos no respecto ás demais persoas, practicar a tolerancia, a cooperación e a solidariedade entre as persoas e os grupos, exercitarse no diálogo, afianzando os dereitos humanos e a igualdade de trato e de oportunidades entre mulleres e homes, como valores comúns dunha sociedade plural, e prepararse para o exercicio da cidadanía democrática.
- b) Desenvolver e consolidar hábitos de disciplina, estudo e traballo individual e en equipo, como condición necesaria para unha realización eficaz das tarefas da aprendizaxe e como medio de desenvolvemento persoal.
- c) Valorar e respectar a diferenza de sexos e a igualdade de dereitos e oportunidades entre eles. Rexeitar a discriminación das persoas por razón de sexo ou por calquera outra condición ou circunstancia persoal ou social. Rexeitar os estereotipos que supoñan discriminación entre homes e mulleres, así como calquera manifestación de violencia contra a muller.
- d) Fortalecer as súas capacidades afectivas en todos os ámbitos da personalidade e nas súas relacións coas demais persoas, así como rexeitar a violencia, os prexuízos de calquera tipo e os comportamentos sexistas, e resolver pacificamente os conflitos.
- e) Desenvolver destrezas básicas na utilización das fontes de información, para adquirir novos coñecementos con sentido crítico. Adquirir unha preparación básica no campo das tecnoloxías, especialmente as da información e a comunicación.
- f) Concibir o coñecemento científico como un saber integrado, que se estrutura en materias, así como coñecer e aplicar os métodos para identificar os problemas en diversos campos do coñecemento e da experiencia.
- g) Desenvolver o espírito emprendedor e a confianza en si mesmo, a participación, o sentido crítico, a iniciativa persoal e a capacidade para aprender a aprender, planificar, tomar decisións e asumir responsabilidades.
- h) Comprender e expresar con corrección, oralmente e por escrito, na lingua galega e na lingua castelá, textos e mensaxes complexas, e iniciarse no coñecemento, na lectura e no estudo da literatura.
- i) Comprender e expresarse nunha ou máis linguas estranxeiras de maneira apropiada.
- l) Coñecer, valorar e respectar os aspectos básicos da cultura e da historia propias e das outras persoas, así como o patrimonio artístico e cultural. Coñecer mulleres e homes que realizaran achegas importantes á cultura e á sociedade galega, ou a outras culturas do mundo.
- m) Coñecer e aceptar o funcionamento do propio corpo e o das outras persoas, respectar as diferenzas, afianzar os hábitos de coidado e saúde corporais, e incorporar a educación física e a práctica do deporte para favorecer o desenvolvemento persoal e social. Coñecer e valorar a dimensión humana da sexualidade en toda a súa diversidade. Valorar criticamente os hábitos sociais relacionados coa saúde, o consumo, o coidado dos seres vivos e o medio ambiente, contribuíndo á súa conservación e á súa mellora.
- n) Apreciar a creación artística e comprender a linguaxe das manifestacións artísticas, utilizando diversos medios de expresión e representación.
- ñ) Coñecer e valorar os aspectos básicos do patrimonio lingüístico, cultural, histórico e artístico de Galicia, participar na súa conservación e na súa mellora, e respectar a

⁵ Obxectivos da educación secundaria obrigatoria LOMCE pp.25446



diversidade lingüística e cultural como dereito dos pobos e das persoas, desenvolvendo actitudes de interese e respecto cara ao exercicio deste dereito.

- o) Coñecer e valorar a importancia do uso da lingua galega como elemento fundamental para o mantemento da identidade de Galicia, e como medio de relación interpersoal e expresión de riqueza cultural nun contexto plurilingüe, que permite a comunicación con outras linguas, en especial coas pertencentes á comunidade lusófona.

2.3. OBXECTIVOS XERAIS DA MATERIA FÍSICA E QUÍMICA NO ESO

2.3.1 PRIMEIRO CICLO

1. Expresar e interpretar con precisión utilizando a linguaxe escrita e oral informacións e mensaxes relacionadas coa física e a química.
2. Identificar as pautas do método científico aplicándoas a sinxelos experimentos e investigacións.
3. Desenvolver estratexias de resolución de problemas baseadas en procedementos científicos e interpretar modelos representativos usados na área científica, como táboas, gráficas e diagramas.
4. Analizar e utilizar as leis e os conceptos básicos de física e química.
5. Explicar desde o punto de vista da física e química as propiedades de fenómenos naturais e as súas posibles aplicacións tecnolóxicas.
6. Recompilar, elaborar e sintetizar diferentes informacións relacionadas con temas de Física e Química utilizando diferentes fontes bibliográficas e as Tecnoloxías da Información e das Comunicacións.
7. Planificar e realizar individualmente e en grupo diversas actividades sobre cuestións científicas e tecnolóxicas, fundamentais e discutilas de forma crítica.
8. Desenvolver actitudes críticas e analizar as implicacións que a actividade humana e, en particular, a actividade científica e tecnolóxica teñen no medio ambiente, o consumo e a saúde.
9. Utilizar coñecementos básicos da ciencia para comprender problemas cuxa solución contribúen ao desenvolvemento tecnocientífico.
10. Desenvolver actitudes responsables dirixidas a sentar as bases dun desenvolvemento sustentable.
11. Analizar as interaccións ciencia, tecnoloxía e medio ambiente.
12. Entender o coñecemento científico como unha interacción de diversas disciplinas que profundan en distintos aspectos da realidade e que ao mesmo tempo se atopa en continua elaboración, exposta a revisións e modificacións.
13. Utilizar os coñecementos adquiridos na Física e Química para comprender o valor do patrimonio natural da Comunidade Autónoma e a necesidade da súa conserva e mellora.

2.3.2 Segundo Ciclo

1. Utilizar procedementos científicos como a formulación de conxecturas, e a elaboración de estratexias para a obtención de conclusións sobre informacións e mensaxes relacionadas coa física e a química incluíndo, no seu caso, deseños experimentais.
2. Desenvolver estratexias de resolución de problemas baseadas en procedementos científicos e interpretar modelos representativos usados na área científica, como táboas, gráficas e diagramas.
3. Buscar explicacións científicas a diferentes feitos da experiencia cotiá no contexto da Comunidade Autónoma aplicando contidos relacionados coas forzas e movementos, as enerxías mecánica, calorífica e ondulatoria e os cambios químicos.



4. Utilizar na linguaxe escrita e oral a terminoloxía científica da Física e Química, con coherencia, claridade e precisión, tanto no ámbito científico como na vida cotiá.
5. Manexar diferentes fontes de información e as Tecnoloxías da Información e das Comunicacions para a elaboración de contidos relacionados coas forzas e movementos, as enerxías mecánica, calorífica e ondulatoria, os cambios químicos e os problemas globais (contaminación atmosférica, perda da biodiversidade, esgotamento de recursos naturais) cos que se enfrenta a humanidade.
6. Planificar e realizar individualmente e en grupo diversas actividades sobre os avances e aplicacións da Física e Química na sociedade, fundamentais e discutilas de forma crítica, recoñecendo a existencia dun debate plural e aberto acerca das súas implicacións éticas, económicas e sociais.
7. Aplicar os fundamentos científicos e metodolóxicos propios da materia para explicar os procesos físicos e químicos básicos que caracterizan o funcionamento da natureza.
8. as súas aplicacións tecnolóxicas e científicas, e as súas consecuencias para o medio social, natural e técnico da Comunidade Autónoma e o Estado
9. Desenvolver actitudes críticas e analizar as implicacións que a actividade humana e, en particular, a actividade científica e as novas aplicacións no ámbito da Física e a Química, teñen no medio ambiente, o consumo e a saúde.
10. Desenvolver actitudes responsables dirixidas a sentar as bases dun desenvolvemento sustentable.
11. Entender o coñecemento científico como unha interacción de diversas disciplinas que profundan en distintos aspectos da realidade e que ao mesmo tempo se atopa en continua elaboración, exposta a revisións e modificacións.
12. Aceptar que a Física e a Química son unha parte do coñecemento científico sometida a continuas modificacións e avances, e en permanente relación co estado de necesidades tecnolóxicas da sociedade.
13. Utilizar os coñecementos adquiridos na Física e Química para comprender o valor do patrimonio natural e tecnolóxico da Comunidade Autónoma e a necesidade da súa conserva e mellora.
14. Profundar nos contidos teóricos da materia de Física e Química, mediante a realización de actividades prácticas e experimentais relacionadas con eles.

2.4. OBXECTIVOS DAS ASIGNATURAS DE BACHARELATO

2.4.1. PRIMEIRO CURSO: FÍSICA E QUÍMICA

- a. Utilizar, con autonomía crecente, estratexias de investigación propias das ciencias (formulación de problemas, emisión de hipóteses fundamentadas, procura de información, elaboración de estratexias de resolución e de deseños experimentais, realización de experimentos en condicións controladas e reproducibles, análise de resultados, elaboración e comunicación de conclusións) relacionando os coñecementos aprendidos con outros xa coñecidos e considerando a súa contribución á construción de corpos coherentes de coñecemento.
- b. Coñecer os conceptos, leis, teorías e modelos máis importantes e xerais da física e da química co fin de ter unha visión global do desenvolvemento destas ramas da ciencia e do seu papel social.
- c. Obter unha formación científica básica que contribúa a xerar interese para desenvolver estudos posteriores máis específicos.
- d. Apreciar a dimensión cultural da física e da química para a formación integral das persoas, así como saber valorar as súas repercusións na sociedade e no medio



- natural e contribuír a construír un futuro sustentable, participando na conservación, protección e mellora do medio natural e social.
- e. Comprender a importancia da física e da química para abordar numerosas situacións cotiás, así como para participar na necesaria toma de decisións fundamentadas arredor de problemas locais e globais a que se enfrenta a humanidade.
 - f. Manexar a terminoloxía científica ao expresarse en ámbitos relacionados coa física e a química, así como na explicación de fenómenos da vida cotiá que requiran dela.
 - g. Empregar as tecnoloxías da información e da comunicación (TIC) na interpretación e simulación de conceptos, modelos, leis ou teorías para obter e tratar datos, extraer e utilizar información de diferentes fontes, avaliar o seu contido, adoptar decisións e comunicar as conclusións, fomentando no alumnado a formación dunha opinión propia e dunha actitude crítica fronte ao obxecto de estudo.
 - h. Recoñecer o carácter tentativo e creativo do traballo científico como actividade en permanente proceso de construción, analizando e comparando hipóteses e teorías contrapostas a fin de desenvolver un pensamento crítico, así como valorar as achegas dos grandes debates científicos ao desenvolvemento do pensamento humano.
 - i. Planificar e realizar experimentos físicos e químicos tendo en conta a utilización correcta do instrumental básico do laboratorio, cunha atención particular ás normas de seguridade das instalacións e ao tratamento de residuos.
 - j. Recoñecer os principais retos da investigación deste campo da ciencia na actualidade e o carácter científico das informacións aparecidas nos medios de comunicación.
 - k. Valorar as achegas das mulleres ao desenvolvemento científico e tecnolóxico, facendo especial referencia aos casos galegos.
 - l. Aplicar os coñecementos da física e da química para afianzar actitudes de respecto e prevención no ámbito da educación viaria e da saúde individual e social.
 - m. Valorar o carácter colectivo e cooperativo da ciencia, fomentando actitudes de creatividade, flexibilidade, iniciativa persoal, auto confianza e sentido crítico a través do traballo en equipo.

2.4.2 SEGUNDO CURSO DE BACHARELATO

As materias de 2º de Bacharelato deben contemplar o seu dobre carácter - propedéutico e finalista-, por iso modificaranse lixeiramente os contidos establecidos pola CIUG, coa introdución de temas 0, que sirvan de base sólida para a comprensión e desenvolvemento dos temas propostos.

2.4.2.1 FÍSICA.

1. Utilizar correctamente estratexias de investigación propias das ciencias (formulación de problemas, emisión de hipóteses fundamentadas, procura de información, elaboración de estratexias de resolución e de deseños experimentais, realización de experimentos en condicións controladas e reproducibles, análise de resultados, elaboración e comunicación de conclusións) relacionando os coñecementos aprendidos con outros xa coñecidos.
2. Comprender os principais conceptos, leis, modelos e teorías da física para poder articularlos en corpos coherentes do coñecemento.
3. Obter unha formación científica básica que contribúa a xerar interese para desenvolver estudos posteriores máis específicos.



4. Recoñecer a importancia do coñecemento científico para a formación integral das persoas, así como para participar, como integrantes da cidadanía e, se é o caso, futuras científicas e futuros científicos, na necesaria toma de decisións fundamentadas sobre problemas tanto locais como globais.
5. Comprender as complexas interaccións actuais da física coa sociedade, o desenvolvemento tecnolóxico e o medio natural (ciencia-tecnoloxía-sociedade-medio natural), valorando a necesidade de traballar para lograr un desenvolvemento sustentable e satisfactorio para o conxunto da humanidade.
6. Utilizar correctamente a terminoloxía científica e empregala de xeito habitual ao expresarse no ámbito da física, aplicando diferentes modelos de representación: gráficas, táboas, diagramas, expresións matemáticas, etc.
7. Empregar as tecnoloxías da información e da comunicación (TIC) na interpretación e simulación de conceptos, modelos, leis ou teorías; na obtención e tratamento de datos; na procura de información de diferentes fontes; na avaliación do seu contido e na elaboración e comunicación de conclusións, fomentando no alumnado a formación dunha opinión propia e dunha actitude crítica fronte ao obxecto de estudo.
8. Comprender e valorar o carácter complexo e dinámico da física e as súas achegas ao desenvolvemento do pensamento humano, evitando posicións dogmáticas e considerando unha visión global da historia desta ciencia que permita identificar e situar no seu contexto os personaxes máis relevantes.
9. Diseñar e realizar experimentos físicos, utilizando correctamente o instrumental básico do laboratorio, respectando as normas de seguridade das instalacións e aplicando un tratamento de residuos axeitado.
10. Coñecer os principais retos que ten que abordar a investigación neste campo da ciencia na actualidade, apreciando as súas perspectivas de desenvolvemento.
11. Valorar as achegas das mulleres ao desenvolvemento científico e tecnolóxico, desde unha perspectiva de xénero ao longo do tempo.
12. Comprender o carácter fundamental da física no desenvolvemento doutras ciencias e tecnoloxías.
13. Valorar o carácter colectivo e cooperativo da ciencia, fomentando actitudes de creatividade, flexibilidade, iniciativa persoal, autoestima e sentido crítico a través do traballo en equipo.

2.4.2.2 QUÍMICA

1. Utilizar correctamente estratexias de investigación propias das ciencias (formulación de problemas, emisión de hipóteses fundamentadas, procura de información, elaboración de estratexias de resolución e de deseños experimentais, realización de
2. experimentos en condicións controladas e reproducibles, análise de resultados, elaboración e comunicación de conclusións) relacionando os coñecementos aprendidos con outros xa coñecidos.
3. Comprender os principais conceptos, leis, modelos e teorías da química para poder articularlos en corpos coherentes de coñecemento.
4. Obter unha formación científica básica que contribúa a xerar interese para desenvolver estudos posteriores máis específicos.
5. Recoñecer a importancia do coñecemento científico para a formación integral das persoas, así como para participar, como cidadás e cidadáns e, de ser o caso, futuras científicas e científicos, na necesaria toma de decisións fundamentadas arredor de problemas locais e globais a que se enfronta a humanidade.
6. Comprender o papel da química na vida cotiá e a súa contribución á mellora da calidade de vida das persoas, valorando, de xeito fundamentado, os problemas



7. derivados dalgunhas súas aplicacións e como pode contribuír á consecución da sustentabilidade e dun estilo de vida saudable.
8. Utilizar correctamente a terminoloxía científica e empregala de xeito habitual ao expresarse no ámbito da química, aplicando diferentes modelos de representación: gráficas, táboas, diagramas, expresións matemáticas, etc.
9. Empregar correctamente as tecnoloxías da información e da comunicación na interpretación e simulación de conceptos, modelos, leis ou teorías; na obtención e tratamento de datos; na procura de información de diferentes fontes; na avaliación do seu contido e na elaboración e comunicación de conclusións, fomentando no alumnado a formación dunha opinión propia e dunha actitude crítica fronte ao obxecto de estudo.
11. Comprender e valorar o carácter tentativo e dinámico da química e as súas achegas ao desenvolvemento do pensamento humano, evitando posicións dogmáticas e considerando unha visión global da historia desta ciencia que permita identificar e situar no seu contexto os personaxes máis relevantes.
12. Familiarizarse co deseño e realización de experimentos químicos e co traballo en equipo, así coma no uso do instrumental básico dun laboratorio, e coñecer algunhas técnicas específicas, sempre considerando as normas de seguranza das súas instalacións e o tratamento de residuos.
13. Recoñecer os principais retos que ten que abordar a investigación neste campo da ciencia na actualidade, apreciando as súas perspectivas de desenvolvemento.
14. Valorar as achegas das mulleres ao desenvolvemento científico e tecnolóxico, facendo especial referencia aos casos galegos.
15. Comprender o carácter integrador da química a través da súa relación con outras ciencias, como a física, a bioloxía ou a xeoloxía.
16. Valorar o carácter colectivo e cooperativo da ciencia, fomentando actitudes de creatividade, flexibilidade, iniciativa persoal, autoestima e sentido crítico a través do traballo en equipo



3. PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA ENSINO SECUNDARIO



3.1. SEGUNDO CURSO DA ESO

3.1.1. XUSTIFICACIÓN TEÓRICA DA CONCRECIÓN DE CONTIDOS.

A Física e a Química son ciencias experimentais: ocúpense do estudo do mundo natural. Estudan feitos observables, susceptibles de ser **medidos**. Son **ciencias fácticas**. No seu traballo axústanse a un procedemento, seguen un determinado procedemento: o *método científico*. Os seus obxectos de estudo son distintos, pero ámbalas dúas no seu procedemento parten de **medir** observables e de buscar as posibles relación entre observables distintos que caracterizan o fenómeno observado.

O Decreto 86/2015, do 25 de xuño establece que “Os elementos propios [do **BLOQUE 1**] deben desenvolverse de xeito transversal ao longo de todo o curso [...]. Traballarase, así mesmo, a presentación dos resultados obtidos mediante gráficos e táboas [...]. Os estándares deste bloque, de carácter transversal como xa se indicou, cobran sentido ao combinalos cos doutros bloques [...].

Dito isto nos consideramos que si ben en cada bloque debe avaliarse o grado de adquisición das competencias básicas, é metodoloxicamente necesario destinar una unidade específica, e avaliabile mediante una proba escrita, o tratamento dos problemas xerais das magnitudes e a búsqueda das leis que relacionan as magnitudes. A tal efecto destinamos a **UNIDADE 1**. Tralo análise dos estándares de aprendizaxe decidiuse dividilo **BLOQUE 2**. en dúas unidades: A PRIMEIRA encamiñada a que o alumno entenda existen propiedades da materia que permiten caracterizala como pura ou non. Que esas propiedades características son susceptibles de modificalo seu valor, incluso o propio estado de agregación, en función de certas variables, como son a temperatura e a presión, que esa modificación pode explicarse empregando un modelo interpretativo, como é o modelo cinético molecular.

A SEGUNDA ten una dobre finalidade: a primeira e a de encontrar os métodos que nos permitan obter sustancias puras a partires de mesturas. A segunda está encamiñada, en certa medida, a una maior comprensión do seguinte bloque.

Dado que a velocidade de reacción depende, por una parte, de que as moléculas poidan moverse con facilidade e, por outra, de que choque, a probabilidade de que estas dúas condicións se produzan simultaneamente dependen da concentración e do estado de agregación. A mobilidade das moléculas aumenta no sentido sólido-líquido-gas de aí que falemos de disolucións concentradas ou de gases.

En canto o **BLOQUE 3**. Decidimos dividilo en tres unidades. A PRIMEIRA e relativa a *facere presente o principio de causalidade* relativo o feito de que as cousas estean *en repouso, se movan e como se movan*, Nesta primeira unidade terá moito peso un proxecto experimental. O establecemento da Lei de Hooke, en consecuencia o deseño dun instrumento de medida.

A SEGUNDA ten a finalidade de que o alumno comprenda a utilidade matemática e as representacións gráficas para predicir, conseguir ou modificar o que vai a ocorrer a un punto que se move en traxectoria rectilínea acudindo as representacións gráficas: E o primeiro achegamento as leis físicas.

A TERCEIRA unidade pon de manifesto dúas das consecuencias mais importantes da forza gravitatoria: *o peso e o movemento dos planetas e satélites*.

O primeiro achegamento o traballo, e a forma de levalo a cabo co menor esforzo, aparece aquí co tratamento das máquinas simples.



3.1.2. CONCRECIÓN DE CONTIDOS.

BLOQUE 1. A ACTIVIDADE CIENTÍFICA

UNIDADE 1.- A ACTIVIDADE CIENTÍFICA

1. O método científico. Etapas.
2. O método e as ciencias experimentais. A medida.
 21. Magnitudes e unidades.
 22. Sistema Internacional de Unidades. Magnitudes fundamentais e derivadas.
 23. Unidades: múltiplos e submúltiplos. Notación científica. Factores de conversión.
 24. Cifras significativas e notación científica. Calculadora.

3. A EXPERIMENTACIÓN.

<http://www.iesaguilarycano.com/dpto/fyq/recursos3.swf>

4. MATERIAL DE LABORATORIO. NORMAS DE SEGURIDADE. ETIQUETAXE

BLOQUE 2. A MATERIA

UNIDADE 2.- A MATERIA COMO OBXECTO DE ESTUDO

1. ¿Que é a materia?
2. Estados de agregación da materia.
3. Propiedades xerais da materia e propiedades específicas dun material.
 31. Masa e volume: a súa medida.
 32. Enerxía térmica e temperatura de un material.
 33. A *densidade*: propiedade característica da materia
- 3.3.1. DETERMINACIÓN EXPERIMENTAL DA DENSIDADE**
4. Unha teoría interpretativa: *Modelo cinético molecular*.
5. Estado gasoso: as variables. Presión, volume e temperatura
6. Estudo dos gases
 61. Lei de Boyle a representación gráfica.
 62. Lei de Gay-Lussac. Representación gráfica.
 63. Lei de Charles. Representación gráfica.

UNIDADE 3.- A BUSQUEDA DE SUSTANCIA PURAS

1. Mesturas e sustancias puras
 - 1.1. Distinción entre mestura e sustancia pura
 - 1.2. Mesturas homoxéneas e heteroxéneas
2. Métodos de separación de mesturas heteroxéneas
 - 2.1. Decantación ou sedimentación
 - 2.2. Centrifugación
 - 2.3. Filtración
 - 2.4. Separación magnética.
3. Disolucións
 - 3.1. **PREPARACIÓN DE DISOLUCIÓN***
 - 3.2. Explicación do proceso de disolución
 - 3.3. Solubilidade
 - 3.4. Tipos de disolucións
 - 3.5. Segundo o estado dos compoñentes.
 - 3.6. Segundo a solubilidade.
4. Formas de expresar a concentración dunha disolución.
5. Solubilidade de sólidos, líquidos e gases
6. MÉTODOS DE SEPARACIÓN DE MESTURAS
- 7.

BLOQUE 3. OS CAMBIOS

UNIDADE 4.- OS CAMBIOS NAS SUSTANCIAS PURAS.

Cambios físicos y cambios químicos.

1. Sustancias puras
 - 1.1. Sustancia elemental
 - 1.2. Compuestos
2. Cambios químicos.
 - 2.1. Representacións dos cambios químicos. Ecuacións químicas. Axustes sinxelos
 - 2.2. **A CONSERVACIÓN DA MASA**
3. TIPOS DE REACCIÓN QUÍMICAS
4. Química e medio ambiente

BLOQUE 4. O MOVEMENTO E AS FORZAS



UNIDADE 5.- MATERIA EN REPOUSO OU MOVENDOSE. A CAUSALIDADE

1. Forzas: efectos.
 - 1.1. Deformacións
 - 1.2. Movemento
2. Caracterización dunha forza como magnitude vectorial.
3. Forzas a distancia. A forza gravitatoria. O movemento dos corpos celestes. Estrutura do universo.
4. Velocidade da luz. Medida de distancias astronómicas.
5. Peso e masa. Diferencia
6. Forzas de contacto.
 - 6.1. Rozamento
 - 6.2. Elásticas.
7. A forza elástica e as deformacións.
 - 7.1. **A LEY DE HOOKE**
 - 7.2. Medida de forzas. O dinamómetro. Unidades.

UNIDADE 6.- O CAMBIO DE LUGAR E AS PREDICIÓN. A CINEMÁTICA

1. Sistema de referencia.
 - 1.1. Posición
 - 1.2. Traxectoria
 - 1.3. Desprazamento
 - 1.4. Velocidade media e velocidade instantánea
 - 1.5. A aceleración media e instantánea.
2. A traxectoria rectilínea.
3. As representacións gráficas:
 - 3.1. Posición vs tempo.
 - 3.2. Velocidade vs tempo.
 - 3.3. MRU e MRUA.
 - 3.4. **ESTUDO EXPERIMENTAL MRU**

BLOQUE 5. A ENERXÍA

UNIDADE 7.- A ENERXÍA

1. Concepto de enerxía. Unidades
2. Tipos de enerxía.
3. Principio de conservación da enerxía
4. Degradación da enerxía.
5. Enerxía mecánica.
 - 5.1. **CONSERVACIÓN DA ENERXÍA MECÁNICA***
6. Enerxía en tránsito entre sistemas materiais: Calor e Temperatura.
7. Efectos da calor sobre os sistemas materiais:
 - 7.1. **REPRESENTACIÓN GRÁFICA TEMPERATURA VS TIEMPO***.
 - 7.2. Dilatacións: *coeficiente de dilatación* propiedade característica.
 - 7.3. *Calor específico* de un material propiedade característica.
 - 7.4. Cambios de estado. *Temperaturas de fusión y ebulición* propiedades características.
 - 7.5. Termómetros. Escalas Celsius e Fahrenheit.
 - 7.6. **CONSTRUCCIÓN DE UN TERMÓMETRO***.
8. Fontes de enerxía. Aspectos industriais da enerxía



3.1.3. AVALIACIÓNS: CONTIDOS. TEMPORALIDAD

Primeira avaliación

Bloq	Unidade.	Sesión
1	1. A actividade científica	10
2	2. A Materia como obxecto de estudo	10
2	3. A búsqueda de sustancias puras.	10

Segunda avaliación

Bloq	Unidade.	Sesión
3	4. Os cambios nas sustancias puras	15
4	5. Materia en repouso ou movéndose. A causalidade	15

Terceira avaliación

Bloq	Unidade.	Sesión
4	6. O cambio de lugar e as predicións. A cinemática	12
5	7. A enerxía	15

3.1.4. PROCEDEMENTOS E INSTRUMENTOS DA AVALIACIÓN

O procedemento de avaliación empregado para pescudar o grao de evolución da aprendizaxe basearase na **observación continuada** do grao de maduración persoal, da adquisición dos conceptos físico químicos, da capacidade de interrelacionar os conceptos e do manexo adecuado dos significantes matemáticos e significados físico-químicos.

Os procedementos e instrumento de avaliación utilizados serán basicamente:

PROCEDEMENTOS

Análise da produción dos alumnos/as

Observación sistemática

Probas específicas

INSTRUMENTOS

Informes de Laboratorio. Traballos e exercicios. Caderno de clase.

Caderno do profesor

Exames e controis

3.1.5. CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN.

En cada avaliación teremos:

- *Unha nota de probas específicas (exames).*-

Faranse dúas probas por avaliación. O profesor fará constar no exame a puntuación

de cada problema e/ou cuestión nos que se avalíe o grado de consecución das competencias.

As probas escritas representarán o 60% da nota da avaliación. E dicir, haberá unha nota resultado da media das probas realizadas que terá un valor máximo de 6 puntos.

O 40% restante corresponderá ao traballo de clase e laboratorio.

- *Unha nota de traballo de clase.*-

Ao remate de cada avaliación cualificarase con un máximo de 2 puntos valorando nesta nota a adquisición de competencias demostrada.

- *Unha nota de prácticas de laboratorio.*-

O **profesor de prácticas** o finalizar o período de avaliación emitirá cualificación por un máximo de 2 puntos no que se cualificará o grado de adquisición das competencias.



3.1.6. ELABORACION DÁ NOTA FINAL DE CADA AVALIACION

Cualificación numérica:

A cualificación será a media das puntuacións acadadas nas probos escritos (exames) ás que se sumarán as cualificacións de traballos en clase e no laboratorio.

A avaliación estará superada se a media ten un valor igual ou superior a 5, sempre e cando en ningunha das probas escritas levase una cualificación inferior a 2,5. Se nunha das probas ten unha nota inferior a 2,5 e , como resultado da avaliación resulta unha nota igual ou superior a 5, aparecerá reflexada na avaliación unha nota de 4.

Cualificación por competencias:

No ANEXO I recóllense os pesos promedio dos estándares de aprendizaxe relacionados coas competencias:

Unha vez teñamos a nota de Probas Escritas (exames) sobre 6 puntos , a nota de clase sobre 2 puntos e a nota de prácticas de laboratorio sobre 2 puntos, aplicaremos as porcentaxes que aparecen na táboa seguinte e obteremos unha nota numérica para cada competencia.

Nesta nota tense en conta o peso relativo das competencias no currículo (calculouse utilizando como referencia o “libro de competencias básicas” que aparece en www.edu.xunta.gal/portal/sites/web/files/libro_competencias_basicas.pdf) e a importancia de cada competencia en función do instrumento de avaliación utilizado.

Este traballo foi realizado polo anterior xefe de departamento no curso pasado.

Isto daríanos unha avaliación por competencias trimestral, e pódese aplicar o mesmo proceso para unha avaliación final por competencias.

	CL	CMCC	CD	CAA	CSC	SIE	CE	TOTA
2º CURSO	9,68	60,22	5,38	9,68	6,45	6,45	2,15	100
Proba escrita %	5	55	0	0	0	0	0	60
Clase %	2,34	2,61	2,69	5,81	2,90	2,58	1,07	20
Laboratorio %	2,34	2,61	2,69	3,872	3,54	3,87	1,07	20

Supoñendo as notas sobre 100 puntos , 60 probas escritas , 20 traballo de laboratorio e 20 notas de clase, aplicando directamente a porcentaxe entre parénteses , obtemos unha nota numérica de cada competencia, que nos indica os puntos acadados en cada competencia sobre o total da mesma.

Para facer unha nota numérica clásica (entre 0 e 10) dividiremos a nota acadada nesa competencia entre o máximo e multiplicaremos por 10.

3.1.7. ELABORACIÓN DA NOTA FINAL DE CURSO

Os alumnos que non acaden a nota suficiente para superar a 1ª ou a 2ª avaliación disporán dunha proba de recuperación escrita no trimestre seguinte. O alumnado que non acade a nota suficiente na 3ª avaliación, poderá recuperar a mesma nunha proba final.

Ao final do curso , farase unha proba final, dividida por avaliacións , que todo alumno/a que teña algunha avaliación suspensa deba facer.

Se o alumno/a ten tres avaliacións suspensas , terá que facer , nesta proba, unha serie de



preguntas das tres avaliacións, escollidas polo profesor.

Debe terse en conta que, a nota acadada nas recuperacións das avaliacións correspondentes (incluída a proba final) e unicamente a nota da proba escrita sobre 10 puntos.

Unha vez feita a proba procederemos como segue:

- Alumnos que teñan tódalas avaliacións aprobadas (nas avaliacións ou nas recuperacións correspondentes) :

Cualificación final: Nota media das avaliacións.

- Alumnos/as que van a proba final coas tres avaliacións suspensas: Poráselle a nota acadada nesa proba final.
- Alumnos/as con algunha avaliación suspensa: Suspendarán a materia e se lles porá a nota media das tres avaliacións (escollendo a mellor nota de cada avaliación se houberse varias). Se a media así calculada é igual ou superior a 5 puntos , reflexarase un 4 na nota final.
- CONVOCATORIA EXTRAORDINARIA: Farase unha proba semellante á proba final do alumnado coas tres avaliacións suspensas.

Os exercicios, e cuestións das probas finais e da convocatoria extraordinaria, estarán relacionados cos estándares considerados básicos no anexo I, que teñen unha porcentaxe establecida do 100%.

3.1.8. MATERIAIS E RECURSOS DIDÁCTICOS.

Ao estar incluídos na plataforma edixgal utilizaremos os materiais das diferentes editoriais postos a disposición na plataforma.

O material fundamental que utilizaremos serán os equipos informáticos do alumnado e os contidos albergados na plataforma para a nosa materia.

Tamén se utilizará o laboratorio de química (o de física funciona como aula de música e de desdoubles) e o material en el contido.

3.1.9. AVALIACIÓNS INICIAIS NA ESO E ATENCIÓN A DIVERSIDADE

Esta avaliación inicial, estará encamiñada a coñecer se o nivel xeral da clase e de cada alumno en particular, é o óptimo para afrontar con éxito o inicio da materia. Constará de exercicios sinxelos de conversión no sistema métrico decimal (empregaranse para a conversión de unidades ao S.I.), representación dunha recta dando unha táboa de valores (empregaranse gráficas) , cálculos de áreas e volumes (a densidade vai ser unha magnitude característica moi importante neste curso) e resolución de ecuacións de primeiro grao sinxelas. Á vista do resultado o profesor destinará parte do tempo a lograr que o curso teña un dominio o máis homoxéneo posible destes coñecementos mínimos.



3.2. TERCEIRO CURSO DA ESO

3.2.1. XUSTIFICACIÓN TEÓRICA DA CONCRECIÓN DE CONTIDOS.

No curso pasado iniciouse a normalidade en canto a contidos neste curso (era a primeira vez que se cursaba 3º ESO FQ tando cursado 2º ESO FQ). Mantemos a mesma concreción de contidos que tivemos no ano anterior.

A concreción dos contidos faise tendo en conta o libro de texto do que disporá o alumnado e os estándares establecidos no currículo. Debemos ter en consideración que os contidos aparecidos no texto non sempre son coincidentes ou están acordes cos estándares establecidos no currículo, o que non parece moi lóxico.

Unha parte dos contidos presentados van ser abordados e reforzados por medio das prácticas de laboratorio.

3.2.2. CONCRECIÓN DE CONTIDOS

TEMA 1

A ACTIVIDADE CIENTÍFICA

- 1.- A túa primeira práctica
- 2.- O método científico. Etapas.
- 3.- Tipos de funcións.
- 4.- Magnitudes e a súa medida
 - 4.1.- Magnitudes fundamentais e derivadas
 - 4.2.- Múltiplos e submúltiplos. Cambios de unidades.
 - 4.3.- Notación científica.
 - 4.4.- Coñece os instrumentos de medida.
- 5.- Traballo no laboratorio:
 - 5.1.- Normas de seguridade
 - 5.2.- Material de laboratorio
- 6.- Ciencias e TIC

TEMA 2

O ÁTOMO E A TÁBOA PERIÓDICA

Materia e electricidade
 O átomo e as súas partículas.
 Modelo planetario do átomo.
 Os elementos químicos.
 Número atómico e número másico.
 Alterando os átomos.
 Ións
 Isótopos
 Masas atómicas dos elementos.
 Metais e non metais.
 Abundancia dos elementos.
 Ordenación dos elementos.
 A táboa periódica.

TEMA 3

UNIÓNS ENTRE OS ÁTOMOS. REACCIÓNS QUÍMICAS

Sustancias químicas.
 Agrupación de átomos: moléculas
 Enlace covalente.
 Agrupación de átomos: cristais
 Enlace iónico e enlace metálico.



Fórmulas e masas moleculares.
 Cambios físicos e químicos
 Reaccións químicas.
 Axuste de reaccións químicas.
 Lei de conservación da masa
 Relacións de masa nas reaccións químicas.
 Velocidade de unha reacción química.
 Factores que afectan á velocidade
 Teoría de colisións. Como ocorren as reaccións químicas.
 A velocidade química no teu entorno.
 Química na sociedade.
 Elementos e compostos de interese.
 Química e medio ambiente.

TEMA 4.
A ELECTRICIDADE E O MAGNETISMO
 A natureza eléctrica da materia
 Fenómenos eléctricos
 A carga eléctrica e os átomos.
 Propiedades da carga eléctrica.
 A forza eléctrica
 Electricidade e magnetismo
 O magnetismo
 Electromagnetismo
 As forzas da natureza

TEMA 5.
A CORRENTE ELÉCTRICA
 A corrente eléctrica
 Circuitos eléctricos
 Lei de Ohm
 Potencia eléctrica
 Construción de circuitos
 A electricidade na casa
 A instalación eléctrica da túa vivenda
 Máquinas eléctricas e efecto Joule
 Etiquetado dos dispositivos eléctricos.
 Medidas de seguridade

TEMA 6
A ENERXÍA
 Concepto de enerxía.
 A enerxía e a súa unidade.
 Propiedades da enerxía.
 Tipos de enerxía.
 Fontes de enerxía.
 Cadea enerxética
 Fontes de enerxía convencionais
 Fontes de enerxía alternativa.
 Consumo responsable da enerxía.
 Consumo de enerxía
 Enerxía e potencia consumidas
 Formas de aforrar enerxía
 Aspectos industriais da enerxía eléctrica
 A importancia da enerxía eléctrica
 O camiño da enerxía eléctrica
 Tipos de centrais eléctricas. Xenerador.

3.2.3. AVALIACIÓNS: CONTIDOS. TEMPORALIDADE

Primeira avaliación

Bloq	Unidade.	Sesión
1	1. A ACTIVIDADE CIENTÍFICA. 23	11
2	2. O ÁTOMO E A TÁBOA PERIÓDICA	11



Segunda avaliación

Bloq	Unidade. Contidos	Sesión
2 e 3	3.- UNIÓNS ENTRE ÁTOMOS. REACCIÓNS QUÍMICAS	13
4	4.- A ELECTRICIDADE E O MAGNETISMO	9

Terceira avaliación

Bloq	Unidade.	Sesión
5	5.- A CORRENTE ELÉCTRICA	11
5	6.- A ENERXÍA	11

3.2.4. PROCEDEMENTOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN

O procedemento de avaliación empregado para pescudar o grao de evolución da aprendizaxe basearase na **observación continuada** do grao de maduración persoal, da adquisición dos conceptos físico químicos, da capacidade de interrelacionar os conceptos e do manexo adecuado dos significantes matemáticos e significados físico-químicos.

Os procedementos e instrumento de avaliación utilizados serán basicamente:

PROCEDEMENTOS

Análise da produción dos alumnos/as

Observación sistemática

Probas específicas

INSTRUMENTOS

Informes de Laboratorio. Traballos e exercicios.

Caderno do profesor

Exames e controis

3.2.5. CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN.

En cada avaliación teremos:

- *Unha nota de probas específicas (exames).*-

Faranse dúas probas por avaliación.

O profesor fará constar no exame a puntuación de cada problema e/ou cuestión nos que se avalíe o grao de consecución das competencias.

As probas escritas representarán o 60% da nota da avaliación. E dicir haberá unha nota resultado da media das probas realizadas que terá un valor máximo de 6 puntos.

O 40% restante corresponderá ao traballo de clase e laboratorio.

- *Unha nota de traballo de clase.*-

Ao remate de cada avaliación cualificarase con un máximo de 2 puntos valorando nesta nota a adquisición de competencias demostrada.

- *Unha nota de prácticas de laboratorio.*-

O **profesor de prácticas** o finalizar o período de avaliación emitirá cualificación por un máximo



de 2 puntos no que se cualificará o grado de adquisición das competencias.

3.2.6. ELABORACION DÁ NOTA FINAL DE CADA AVALIACION

Cualificación numérica:

A cualificación será a media das puntuacións acadadas nas probos escritas (exames) ás que se sumarán as cualificacións de traballos en clase e no laboratorio.

A avaliación estará superada se a media ten un valor igual ou superior a 5, sempre e cando en ningunha das probas escritas levase una cualificación inferior a 2,5. Se nunha das probas ten unha nota inferior a 2,5 e , como resultado da avaliación resulta unha nota igual ou superior a 5, aparecerá reflexada na avaliación unha nota de 4.

Cualificación por competencias:

No ANEXO I recóllense os pesos promedio dos estándares de aprendizaxe relacionados coas competencias:

Unha vez teñamos a nota de Probas Escritas (exames) sobre 6 puntos , a nota de clase sobre 2 puntos e a nota de prácticas de laboratorio sobre 2 puntos, aplicaremos as porcentaxes que aparecen na táboa seguinte e obteremos unha nota numérica para cada competencia.

Nesta nota tense en conta o peso relativo das competencias no currículo (calculouse utilizando como referencia o “libro de competencias básicas” que aparece en www.edu.xunta.gal/portal/sites/web/files/libro_competencias_basicas.pdf) e a importancia de cada competencia en función do instrumento de avaliación utilizado.

Este traballo foi realizado polo anterior xefe de departamento no curso pasado.

Isto daríanos unha avaliación por competencias trimestral, e pódese aplicar o mesmo proceso para unha avaliación final por competencias.

NIVEL DE ADQUISICIÓN DE COMPETENCIAS BÁSICA

	CL	CMCCT	CD	CAA	CSC	SIEE	CEC	
3º CURSO ESO	8,43	59,04	7,23	8,43	7,23	7,23	2,41	100
Proba escrita	(0,083)5	(0,92)55	0	0	0	0	0	60
Resta*	3,43	4,04	7,23	8,43	7,23	7,23	2,41	
Clase*	(0,086)1,715	(0,101)2,02	(0,181)3,615	(0,253)5,058	(0,172)3,49	(0,145)2,892	(0,06)1,205	20
Laboratorio	(0,086)1,715	(0,101)2,02	(0,181)3,615	(0,169)3,372	(0,189)3,73	(0,217)4,338	(0,06)1,205	20

Supoñendo as notas sobre 100 puntos , 60 probas escritas , 20 traballo de laboratorio e 20 notas de clase, aplicando directamente a porcentaxe entre parénteses , obtemos unha nota numérica de cada competencia, que nos indica os puntos acadados en cada competencia sobre o total da mesma.

Para facer unha nota numérica clásica (entre 0 e 10) dividiremos a nota acadada nesa competencia entre o máximo e multiplicaremos por 10.

Loxicamente, prepararemos unha folla de cálculo para facilitar estas operacións.

3.2.7. ELABORACIÓN DA NOTA FINAL DE CURSO:

Os alumnos que non acaden a nota suficiente para superar a 1ª ou a 2ª avaliación disporán



dunha proba de recuperación escrita no trimestre seguinte. O alumnado que non acade a nota suficiente na 3ª avaliación, poderá recuperar a mesma nunha proba final.

Ao final do curso , farase unha proba final, dividida por avaliacións , que todo alumno/a que teña algunha avaliación suspensa debера facer.

Se o alumno/a ten tres avaliacións suspensas , terá que facer , nesta proba, unha serie de preguntas das tres avaliacións, escollidas polo profesor.

Debe terse en conta que, a nota acadada nas recuperacións das avaliacións correspondentes (incluída a proba final) e unicamente a nota da proba escrita sobre 10 puntos.

Unha vez feita a proba procederemos como segue:

- Alumnos que teñan tódalas avaliacións aprobadas (nas avaliacións ou nas recuperacións correspondentes) :

Cualificación final: Nota media das avaliacións.

- Alumnos/as que van a proba final coas tres avaliacións suspensas: Poráselle a nota acadada nesa proba final.
- Alumnos/as con algunha avaliación suspensa: Suspendarán a materia e se lles porá a nota media das tres avaliacións (escollendo a mellor nota de cada avaliación se houberse varias). Se a media así calculada é igual ou superior a 5 puntos , reflexarase un 4 na nota final.
- CONVOCATORIA EXTRAORDINARIA: Farase unha proba semellante á proba final do alumnado coas tres avaliacións suspensas.

Os exercicios, e cuestións das probas finais e da convocatoria extraordinaria, estarán relacionados cos estándares considerados básicos no anexo I, que teñen unha porcentaxe establecida do 100%.



3.2.8. MATERIAIS E RECURSOS DIDÁCTICOS, INCLUÍDOS OS LIBROS DE TEXTO.

O laboratorio (e todo o material que alberga) constituirá unha parte significativa da experiencia dos alumnos/as nesta materia.

As novas tecnoloxías tamén van a estar presentes frecuentemente na labor docente e do alumnado. A gran cantidade de material (presentacións , animacións, vídeos , simulacións , laboratorios virtuais etc.) que hai na rede, permitiranos abordar a exposición de determinados conceptos de xeito mais atractivo para o alumnado.

Dentro deste punto tamén son importantes as aulas virtuais , non só para almacenar contidos multimedia , se non para pedir ao alumnado traballos realizados coas novas tecnoloxías.

Por suposto a aula clásica, cos recursos típicos (encerado e libro de texto) tamén será unha parte moi importante do proceso de ensinanza-aprendizaxe.

Como libro de texto empregárase a

**Física y Química 3º ESO. Enrique Andrés del Río y otros. Ed. Mc GraW Hill.
ISBN- 978-84-481-9579-3**

3.2.9. AVALIACIÓNS INICIAIS NA ESO E ATENCIÓN A DIVERSIDADE

Esta avaliación inicial, estará encamiñada a coñecer se o nivel xeral da clase e de cada alumno en particular, é o óptimo para afrontar con éxito o inicio da materia. Constará de exercicios sinxelos de potenciación (empregaranse para a conversión de unidades ao S.I.), representación dunha recta dando unha táboa de valores e identificar a pendente e a ordenada na orixe (empregaranse gráficas) e cálculos de áreas e volumes (a densidade vai ser unha magnitude característica moi importante neste curso). Á vista do resultado o profesor destinará parte do tempo a lograr que o curso teña un dominio o máis homoxéneo posible destes coñecementos mínimos.



3.3. CUARTO CURSO DA ESO

3.3.1. XUSTIFICACIÓN TEÓRICA DA CONCRECIÓN DE CONTIDOS

Neste curso acádase a normalidade total respecto das materias de FQ cursadas anteriormente. Estes alumnos/as serán os primeiros que cursaron previamente a FQ de 2º ESO e a FQ de 3º ESO , polo que os contidos acadan a súa total normalidade e deberían permanecer , mais o menos estables durante bastante tempo.

À hora de escoller os contidos tivemos en conta os contidos aparecidos no texto e os estándares do currículo que non sempre son coincidentes.

Na parte de Química cabe destacar a importancia que ten a parte de estrutura atómica e enlace químico, na que se debe incidir especialmente, xa que deixou de ser contido de 1º Bah e é de gran importancia para o curso de Química de 2º Bach.

Na parte de Física , os temas de Estática de fluídos e Calor, non volverán a ser abordados nos diferentes currículos das materias do departamento, polo que tamén interesa un tratamento que axude a afianzar os conceptos básicos referidos aos temas en cuestión

3.3.2. CONCRECIÓN DE CONTIDOS

BLOQUE 2. A MATERIA

TEMA 2

Átomos e enlaces

1. O modelo de átomo
2. O sistema periódico
3. O enlace químico
4. Forzas intermoleculares.
5. Formulación inorgánica.
6. Química do carbono
 - 6.1. Compostos do carbono
 - 6.2. Grupos funcionais
- 10.2.2. Funcións nitroxenadas

BLOQUE 3. OS CAMBIOS.

TEMA 3

Reactividade química

1. A reacción química
2. Leis ponderais
3. O mol.
4. Termoquímica.
5. Cinética química.
6. Reaccións ácido base.
7. Química en la práctica.
8. La química en nuestro entorno.

BLOQUE 1. A ACTIVIDADE CIENTÍFICA

TEMA 1

A actividade científica

1. Método científico. Etapas
2. Magnitudes fundamentais e derivadas. Magnitudes escalares e vectoriais. S.I.
3. Conversión de unidades.
4. O número en ciencia..
 - 4.1. Cifras significativas. Notación científica.
 - 4.2. Erros na medida.
 - 4.3. Expresión correcta dunha medida.
5. A experimentación:
 - 5.1. Táboas e gráficas
6. As TIC no ámbito científico
7. Proxecto de investigación



BLOQUE 4. O MOVEMENTO E AS FORZAS

TEMA 4

O movemento. Cinemática e dinámica

1. Sistemas de referencia.
2. Conceptos fundamentais.
 21. Vector de posición.
 22. Traectoria: Desprazamento e distancia percorrida.
 23. Velocidade media e velocidade instantánea.
 24. Aceleración media e aceleración instantánea.
3. As representacións gráficas:
 31. Posición vs tempo. Significado físico da pendente.
 32. Velocidade vs tempo:
 33. Significado físico da pendente.
4. Movemento rectilíneo uniforme (MRU)
 41. Representación gráficas
 42. Ecuacións horarias.
 43. MRU na natureza.
5. Estudo do movemento circular.
 51. Espazo recorrido e a ángulo barrido: O radián.
 52. As magnitudes angulares e as lineais.
 53. A velocidade: módulo e dirección.
 54. A aceleración centrípeta e a aceleración tanxencial.
6. movemento Circular “uniforme”.MCU
 61. Magnitudes angulares.
 62. Ecuacións horarias.
 63. Casos na vida práctica.

TEMA 5

Dinámica

1. Características das forzas.
2. Forzas e deformacións.
 21. Medida das forzas. Lei de Hooke. O dinamómetro.
 22. Unidade de medida das forzas.
 23. Forza resultante
3. Interaccións a distancia.
 31. Lei de gravitación.
 32. Masa e Peso.
4. Forzas de contacto.
 41. Elástica.
 42. Tensión
 43. Normal
 44. Rozamento
5. Equilibrio de forzas
6. As leis de Newton
7. Movemento circular uniforme. Forza centrípeta.
8. Movementsos planetarios.

TEMA 6

Fluidoestática

1. Concepto de presión
 - 1.1. A presión nos fluídos. Ecuación da hidrostática
 - 1.2. Principio de Pascal
2. Presión exercida pola atmosfera. Variables que inflúen na presión atmosférica.
3. Principio de Arquímedes.
 - 3.1. Corpos somerxidos nun fluído. Flotación
4. Instrumentos de medida da presión. Unidades e equivalencia.

BLOQUE 5. A ENERXÍA

TEMA 7

A Enerxía

1. Enerxía e Traballo. Unidade S.I.
2. Traballo mecánico
3. Traballo e ferramentas.
4. Potencia e súas unidades.
5. Clases de enerxía.
6. Enerxía mecánica.
7. A Conservación da enerxía.



8. A forza de rozamento e a disipación da enerxía.
9. Calor, enerxía interna e temperatura.
 - 9.1. Propiedades características dos materiais:
 - 9.2. Calor específico.
 - 9.3. Calores latentes.
 - 9.4. Temperatura e cambios de estado.
 - 9.5. Coeficientes de dilatación.
 - 9.6. Escalas termométricas
10. Calorimetría.
11. Máquinas térmicas.

3.3.3. AVALIACIÓN: CONTIDOS. TEMPORALIDAD

Primeira avaliación

Bloq	Unidade. Contidos	Sesión
2	1. A MATERIA	15
3	2. OS CAMBIOS QUÍMICOS	15

Segunda avaliación

Bloq	Unidade. Contidos	Sesión
1	3. A ACTIVIDADE CIENTÍFICA	8
4	4. CINEMÁTICA.	12
4	5. DINÁMICA	12

Terceira avaliación

Bloq	Unidade. Contidos	Sesión
4	6. FLUIDOESTÁTICA	12
5	7. A ENERXÍA	14

3.3.4. PROCEDIMENTOS E INSTRUMENTOS DA AVALIACIÓN

O procedemento de avaliación empregado para pescudar o grao de evolución da aprendizaxe basearase na **observación continuada** do grao de maduración persoal, da adquisición dos conceptos físico químicos, da capacidade de interrelacionar os conceptos e do manexo adecuado dos significantes matemáticos e significados físico-químicos.

Os procedementos e instrumento de avaliación utilizados serán basicamente:

PROCEDIMENTOS

Análise da produción dos alumnos/as

Observación sistemática

Probas específicas

INSTRUMENTOS

Informes de Laboratorio. Traballos e exercicios.

Caderno do profesor

Exames e controis

3.3.5. CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN.

En cada avaliación teremos:

- *Unha nota de probas específicas (exames).*- Faranse dúas probas avaliación.

O profesor fará constar no exame a puntuación de cada problema e/ou cuestión nos que se avalíe o grado de consecución das competencias.

As probas escritas representarán o 65% da nota da avaliación. E dicir haberá unha nota resultado da media das probas realizadas que terá un valor máximo de 6,5 puntos.

O 35% restante corresponderá ao traballo de clase e laboratorio.

- *Unha nota de traballo de clase.*- Ao remate de cada avaliación cualificarase con un máximo de 2 puntos valorando nesta nota a adquisición de competencias demostrada.



- **Unha nota de prácticas de laboratorio.- O profesor de prácticas ou o profesor do grupo se non hai desdobre**, o finalizar o período de avaliación emitirá cualificación por un máximo de 1,5 puntos no que se cualificará o grado de adquisición das competencias.

3.3.6. ELABORACION DÁ NOTA FINAL DE CADA AVALIACION

Cualificación numérica:

A cualificación será a media das puntuacións acadadas nas probos escritas (exames) ás que se sumarán as cualificacións de traballos en clase e no laboratorio.

A avaliación estará superada si a media ten un valor igual ou superior a 5, sempre e cando en ningunha das probas escritas levase una cualificación inferior a 2,5. Se nunha das probas ten unha nota inferior a 2,5 e, como resultado da avaliación resulta unha nota igual ou superior a 5, aparecerá reflexada na avaliación unha nota de 4.

Cualificación por competencias:

No ANEXO I recóllense os pesos promedio dos estándares de aprendizaxe relacionados coas competencias:

Unha vez teñamos a nota de Probas Escritas (exames) sobre 6 puntos, a nota de clase sobre 2 puntos e a nota de prácticas de laboratorio sobre 2 puntos, aplicaremos as porcentaxes que aparecen na táboa seguinte e obteremos unha nota numérica para cada competencia.

Nesta nota tense en conta o peso relativo das competencias no currículo (calculouse utilizando como referencia o “libro de competencias básicas” que aparece en www.edu.xunta.gal/portal/sites/web/files/libro_competencias_basicas.pdf e a importancia de cada competencia en función do instrumento de avaliación utilizado.

Este traballo foi realizado polo anterior xefe de departamento no curso pasado.

Isto daríanos unha avaliación por competencias trimestral, e pódese aplicar o mesmo proceso para unha avaliación final por competencias.

	CL	CMCC	CD	CAA	CSC	SIEE	CEC	TOTAL
	6,90	62,07	6,90	6,90	5,52	6,21	5,52	100
Proba	(0,078) 5	(0,92) 60	0	0	0	0	0	65
Clase	(0,055)	(0,055)	(0,2) 4.0	(0,2) 4.0	(0,16) 3.2	(0,17) 3.3	(0,17) 3.3	20
Laboratorio	(0,047)	(0,047)	(0,19) 2.9	(0,19) 2.9	(0,13) 2.0	(0,19) 2.9	(0,19) 2.9	15

Supoñendo as notas sobre 100 puntos, 65 probas escritas, 15 traballo de laboratorio e 20 notas de clase, aplicando directamente a porcentaxe entre parénteses, obtemos unha nota numérica de cada competencia, que nos indica os puntos acadados en cada competencia sobre o total da mesma.

Para facer unha nota numérica clásica (entre 0 e 10) dividiremos a nota acadada nesa competencia entre o máximo e multiplicaremos por 10.

Loxicamente, prepararemos unha folla de cálculo para facilitar estas operacións.

3.3.7. ELABORACIÓN DA NOTA FINAL DE CURSO

Os alumnos que non acaden a nota suficiente para superar a 1ª ou a 2ª avaliación disporán dunha proba de recuperación escrita no trimestre seguinte. O alumnado que non acade a nota



suficiente na 3ª avaliación, poderá recuperar a mesma nunha proba final.

Ao final do curso , farase unha proba final, dividida por avaliacións , que todo alumno/a que teña algunha avaliación suspensa debera facer.

Se o alumno/a ten tres avaliacións suspensas , terá que facer , nesta proba, unha serie de preguntas das tres avaliacións, escollidas polo profesor.

Debe terse en conta que, a nota acadada nas recuperacións das avaliacións correspondentes (incluída a proba final) e unicamente a nota da proba escrita sobre 10 puntos.

Unha vez feita a proba procederemos como segue:

- Alumnos que teñan tódalas avaliacións aprobadas (nas avaliacións ou nas recuperacións correspondentes) :

Cualificación final: Nota media das avaliacións.

- Alumnos/as que van a proba final coas tres avaliacións suspensas: Poráselle a nota acadada nesa proba final.
- Alumnos/as con algunha avaliación suspensa: Suspendarán a materia e se lles porá a nota media das tres avaliacións (escollendo a mellor nota de cada avaliación se houberse varias). Se a media así calculada é igual ou superior a 5 puntos , reflexarase un 4 na nota final.
- CONVOCATORIA EXTRAORDINARIA: Farase unha proba semellante á proba final do alumnado coas tres avaliacións suspensas.

Os exercicios, e cuestións das probas finais e da convocatoria extraordinaria, estarán relacionados cos estándares considerados básicos no anexo I, que teñen unha porcentaxe establecida do 100%.

3.3.8. MATERIAIS E RECURSOS DIDÁCTICOS, INCLUÍDOS OS LIBROS DE TEXTO.

Recorrérase as exposicións-debate cos alumnos, a resolución de test nos que traballen por parellas e a chamadas puntuais nos que se aprecie a facilidade expositiva..

Con respecto o uso dos laboratorios estará condicionado as servidumes de profesorado e teremos que ter en conta o especificado no punto relativo a espazos e recursos.

Como libro de texto empregárase

**Física y Química 4º ESO. Enrique Andrés del Río y otros. Ed. Mc GraW Hill.
ISBN- 978-84-486-0876-7**

3.3.9. AVALIACIÓNS INICIAIS NA ESO E ATENCIÓN A DIVERSIDADE

Ao comezo do curso realizarase unha avaliación inicial cuxo cuestionario presente unicamente cuestións conceptuais aprendidas no segundo e terceiro curso.

Así mesmo, previo o inicio do bloque 1. realizarase unha avaliación inicial en cuxo cuestionario figurarán, conversión de unidades ao S.I., representacións gráficas das funcións de primeiro e segundo grao (o seu dominio é esencial na cinemática), e cuestións conceptuais achega do método científico.

A avaliación inicial ten como obxecto o pescudar se o alumno logrou alcanzar os obxectivos fixados para cada un dos cursos anteriores e a materia logrou contribuír de forma eficaz ao



desenvolvemento das competencias básicas.

O noso criterio distinguirá claramente entre contidos que contribúen a desenvolver competencias que poden ser facilmente cuantificables, por ser obxectivo primordial da materia, daqueles outros que presentan unha maior subxectividade. En ningún caso o resultado da avaliación inicial se reflexará como primeira nota cuantificable, senón que servirá o profesor como orientación para identificar os niveis e necesidades do alumnado e así poder ofrecerlle os alumnos que o necesiten una atención individualizada que se axuste as súas posibilidades:

- adaptando o ritmo e/ou o currículo (aínda que de un modo non significativo) para aqueles alumnos que presenten dificultades.
- Asignando niveis e tarefas de maior complexidade curricular a aqueles alumnos que destaquen pola súa axilidade para o dominio da materia.

3.3.10. PLANS DE TRABALLO PARA A RECUPERACIÓN DE ALUMNOS COA FÍSICA E QUÍMICA DE 2º, 3º DE ESO PENDENTE.

Para o alumnado que promocionando de curso, teña pendente as materias de FQ 2º ESO e/ou FQ 3º ESO, o departamento establece o seguinte plan de recuperación:

1.- O alumnado realizará dous exames ao longo do curso, nas datas que fixe a xefatura de estudos, sobre os contidos que aparecen a continuación. Estas probas suporán o 70% da nota.

2º ESO Contidos:

1ª Proba

1. A actividade científica
2. A Materia como obxecto de estudo
3. A búsqueda de sustancias puras.
4. Os cambios nas sustancias puras

2ª Proba

5. Materia en repouso ou movéndose. A
6. O cambio de lugar e as predicións. A
7. A enerxía

3º ESO. Contidos:

1ª Proba

1. A actividade científica
2. O átomo e a táboa periódica
3.- Unións entre átomos. Reaccións químicas

2ª Proba:

4.- A ELECTRICIDADE E O MAGNETISMO
5.- A CORRENTE ELÉCTRICA
6.- A ENERXÍA

2.- Se lle entregará ao alumnado dúas tandas de material con actividades para resolver; unha nas primeiras semanas do primeiro trimestre, relacionadas cos contidos do primeiro exame, e outra unha vez realizado o primeiro exame.

Debe entregar ese material, resolto e no tempo e forma indicado no mesmo, ao profesor que lle



imparte neste curso a materia de FQ, ou de non ser o caso, ao xefe do departamento. Estas entregas suporán un 30 % da nota de pendentes.

3.- Á nota do primeiro exame (sobre 7 puntos) sumaráselle a nota da primeira entrega de material (sobre 3 puntos) e teremos una nota da primeira parte. Farase exactamente o mesmo coa segunda entrega e o segundo exame.

A nota de pendentes será a media destas dúas partes , considerándose aprobada a materia cando acade un valor de 5 ou superior.

4.- O alumnado que non acade a nota de 5 ou superior no plan de recuperación mencionado, ou aqueles que non participaran no mesmo, poderán presentarse a una proba final, consistente nun único exame sobre a totalidade dos contidos, que se valorará de 0 a 10 puntos , sendo necesario acadar una nota de 5 ou mais para considerar a materia superada.

O xefe de departamento convocará unha reunión ao alumnado con materias pendentes do departamento para explicar este plan.

3.3.11. PROGRAMACIÓN EN EDUCACIÓN DE VALORES

O Departamento non considera necesario a existencia dun programa específico en educación de valores. A mellor programación en educación de valores é o “predica frei exemplo” para conducir ao alumno cara á cultura do esforzo, do traballo ordenado e do coñecemento como factores indispensables para lograr unha conciencia crítica eficaz e responsable.

A educación en valores aparece a través dos seguintes temas transversais:

- **Educación para a paz.** O a materia potenciaranse as relacións pacíficas entre os alumnos como punto de partida e de concienciación sobre o feito de que os conflitos deben resolverse de forma non-violenta. Para iso fomentárase a capacidade de expresar de forma directa opinións sen resposta de ansiedade, aceptando as diferenzas que poidan xurdir. Distinguindo con claridade o opinable do feito científico incuestionable. Ter capacidade de opinión significa a necesidade de partir do coñecemento.
- **Educación para a igualdade de oportunidades entre os sexos.**- Corrixiranse prexuízos sexistas discriminatorios en canto a capacidades. Farase fincapé no papel desempeñado pola tecnoloxía e a ciencia cara á mellora das condicións de vida, do acceso á cultura, ao coñecemento científico da humanidade; e en particular ao acceso a todas estas parcelas por parte da muller. A capacidade intelectual e o traballo deben ser os únicos requisitos
- **Educación ambiental.**- Facilitase a comprensión e valoración dos procesos que se dan na Natureza e nas relacións do home con ela, animando un cambio de valores, actitudes e condutas que promovan o respecto, coidado e promoción do medio ambiente.
- **Educación para a saúde.**- Fomenta calquera actividade que estimule aos alumnos a crear hábitos e costumes sans.
- **Educación do consumidor.**- Consiste en promover todo tipo de accións polas que os alumnos filtren a información recibida, de maneira consciente, crítica, responsable e solidaria, así como as decisións consecuentes para a compra de bens e servizos, tendo en conta os valores persoais, a utilización dos recursos e as consideracións ecolóxicas adecuadas.
- **Educación viaria** .- Insístese na adquisición de condutas e hábitos de seguridade viaria, tanto de peóns como de usuarios de vehículos, á vez que lles sensibiliza sobre os problemas de circulación.



4. PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA BACHARELATO



4.1. PRIMEIRO CURSO DE BACHARELATO. FÍSICA Y QUÍMICA.

4.1.1. XUSTIFICACIÓN TEÓRICA DA CONCRECIÓN DE CONTIDOS

A Física e a Química son ciencias experimentais: ocúpense do estudo do mundo natural. Estudan feitos observables, susceptibles de ser medidos. Son ciencias *fácticas*. No seu traballo axústanse a un procedemento, seguen un determinado procedemento: o *método científico*. Os seus obxectos de estudo son distintos:

A **física** é a ciencia natural que estuda as propiedades, o comportamento da *enerxía*, a *materia* (como tamén calquera cambio nela que non altere a natureza da mesma), así como o *tempo*, o *espazo* e as *interaccións destes catro conceptos entre si*, sendo as matemáticas a súa ferramenta fundamental de traballo.

A **química**, en cambio, céntrase no estudo da *estrutura*, as *propiedades*, a *composición* e as

transformacións das **sustancias puras** ou especies

químicas. Di o Decreto de currículo:

“O aparato matemático da física cobra, á súa vez, unha maior relevancia neste nivel, polo que convén comezar o estudo polos bloques de química, co fin de que o alumnado poida adquirir as ferramentas necesarias proporcionadas pola materia de Matemáticas.”

Iniciamos a materia por Química.

Comezamos co BLOQUE 2, que o leva por título ASPECTOS CUANTITATIVOS DÁ QUÍMICA. O primeiro e único tema do bloque Leis e aspectos básicos da química, comezaron un repaso do modelo atómico de Dalton e dos conceptos de molécula e mol (que nos permitiran revisar a diferenza entre sustancias puras e mesturas, elementos e compostos) son un repaso a conceptos vistos en 4º ESO.

No bloque 3, Reaccións Químicas, profundizaremos bastante nos cálculos estequiométricos iniciados en 4º ESO e que son base fundamental e imprescindible para a Química de 2º Bach.

Á química do carbono pénsalle o mesmo.

Na parte de química, o tema Transformacións enerxéticas e espontaneidade, non vai ser tratado en Quim 2º Bach, pero debemos incidir na espontaneidade, xa que será necesaria para definir o concepto de equilibrio químico que se abordará en 2º Bach.

A Física

Consideramos que era ao comezo a parte destinada á Física o momento idóneo para situar o BLOQUE 1, dado que o carácter das magnitudes, a súa medida, as posibles relacións funcionais entre elas, etc. tiña moita maior relevancia na Física que na química.

Analizados os contidos, criterios de avaliación e estándares de aprendizaxe sinalados polo currículo para a física de primeiro de bacharelato, decidíramos cal debería ser o desenvolvemento pormenorizado dos contidos a incluír no bloque. Facímonos eco dos establecido máis arriba no citado decreto

A nosa sorpresa foi atoparnos no bloque 7 con aplicacións do concepto de momento angular e da conservación do mesmo; sendo así que o produto vectorial non vén contemplado no currículo de matemáticas ata o segundo curso. Tamén observamos que era posible que á hora de iniciar o estudo da cinemática os contidos relativos a derivadas e/ou xeometría non se houberen impartido aínda.

Devandito isto confeccionamos un desenvolvemento pormenorizado do BLOQUE 1, incluíndo conceptos matemáticos que quizais sexan desenvolvidos polo departamento de Matemáticas con posterioridade neste curso ou no seguinte.

Á abordaxe do tema do MHS, está pensada, como aparece nos estándares e no libro de texto recomendado, para ser tratado, como un movemento máis, dentro dos temas de Cinemática, Dinámica e Enerxía, o que non quita que se podesa tratar coma un tema aparte. É de vital importancia, para a Física de 2º Bach, que este tema se aborde na súa



totalidade, xa que é a base do tema de vibraións e ondas de 2º Bach.
Exposto o anterior queremos deixar constancia de que o feito de comezar a materia por física ou por química non é ningún mandato imperativo e que pode moi ben modificarse noutros cursos.

4.1.2. CONCRECIÓN DE CONTIDOS

CONTIDOS DE FÍSICA E QUÍMICA DE 1º BACHARELATO:

Bloque 1: A actividade científica:

Tema 1.- A física e a química ciencias experimentais

- 1.1.- Estratexias necesarias na actividade científica.
 - 1.1.1. O método científico. Etapas
- 1.2. Magnitudes e unidades
- 1.3. Erros
- 1.4. Tecnoloxías da información e da comunicación no traballo científico.
- 1.3. Proxecto de investigación.

Bloque 2. Aspectos cuantitativos da química:

Tema 2.- Leis e conceptos básicos en química

- 2.1.-Revisión da teoría atómica de Dalton. Revisión do concepto de molécula e mol.
- 2.2.- Leis dos gases. Ecuación de estado dos gases ideais.
- 2.3.- Determinación de fórmulas empíricas e moleculares.
- 2.4.- Disolucións: formas de expresar a concentración, preparación e propiedades coligativas.
- 2.5.- Métodos actuais para a análise de substancias: espectroscopía e espectrometría.
 - 2.5.1. Cálculo de masas atómicas a partir de datos espectroscópicos

Bloque 3. Reaccións químicas:

Tema 3.- Estequiometría e química industrial

- 3.1.- Estequiometría das reaccións. Reactivo limitante e rendemento dunha reacción.
 - 3.1.1.- Formulación inorgánica.
 - 3.1.2.- Cálculos estequiométricos (reactivo limitante, reactivos impuros , rendemento das reaccións)
- 3.2. Química e industria.
 - 3.2.1.- Procesos industriais na obtención de compostos inorgánicos.
 - 3.2.2.- Siderurxia. Aplicacións.
 - 3.2.3.- Investigación de novos materiais.

Bloque 4. Transformacións enerxéticas e espontaneidade das reaccións químicas

Tema 4.- Transformacións enerxéticas e espontaneidade das reaccións químicas

- 4.1.-Sistemas termodinámicos
- 4.2. Primeiro principio da termodinámica. Enerxía interna.
- 4.3. Entalpía. Ecuacións termoquímicas.
- 4.4. Lei de Hess.
- 4.5. Segundo principio da termodinámica. Entropía.
- 4.6. Factores que interveñen na espontaneidade dunha reacción química. Enerxía de Gibbs.
- 4.7. Consecuencias sociais e ambientais das reaccións químicas de combustión.

Bloque 5. Química do carbono



Tema 5.- Química do carbono

- 5.1.- Enlaces do átomo de carbono.
- 5.2. Compostos de carbono: hidrocarburos.
- 5.3. Formulación e nomenclatura IUPAC dos compostos do carbono.
- 5.4.- Isomería estrutural e isomería espacial o estereoisomería.
- 5.5.- Petróleo e novos materiais.
- 5.6.- Aplicacións e propiedades dos compostos do carbono.
 - 5.6.1.- Formas alotrópicas do carbono
 - 5.6.2.- Química orgánica e medio ambiente.

Bloque 6. Cinemática

Tema 6.- Cinemática do punto material. Elementos e magnitudes do movemento

- 6.1. Sistemas de referencia inerciais. Principio de relatividade de Galileo.
 - 6.1.1- SRI e SRNI
 - 6.1.2. Representación das magnitudes vectorias características do movemento
- 6.2. Movementos rectilíneo e circular.
 - 6.2.1. Ecuacións.
 - 6.2.2. Gráficas
 - 6.2.3. Cálculos a partir do vector de posición
- 6.3. Movemento circular uniformemente acelerado.
 - 6.3.1. Magnitudes angulares. Ecuacións. Relación coas magnitudes lineais
 - 6.3.2. Compoñentes intrínsecas da aceleración.
- 6.4. Composición dos movementos rectilíneo uniforme e rectilíneo uniformemente acelerado.
 - 6.4.1. Tiro parabólico
- 6.5. Descrición do movemento harmónico simple (MHS).

Bloque 7. Dinámica

Tema 7.- Dinámica

- 7.1. A forza como interacción.
- 7.2. Leis de Newton.
- 7.3. Forzas de contacto. Dinámica de corpos ligados.
 - 7.3.1. Planos inclinados e poleas
- 7.4. Forzas elásticas. Dinámica do MHS.
- 7.5. Sistema de dúas partículas.
- 7.6. Conservación do momento lineal e impulso mecánico.
- 7.7. Dinámica do movemento circular uniforme.
- 7.8. Leis de Kepler.
- 7.9. Forzas centrais. Momento dunha forza e momento angular. Conservación do momento angular.
 - 7.9.1. Movemento orbital
- 7.10. Lei de gravitación universal.
- 7.11. Interacción electrostática: lei de Coulomb.
- 7.12. Semellanzas e diferencias entre forzas eléctricas e gravitatorias.

Bloque 8. Enerxía

Tema 8.- Traballo e enerxía mecánica

- 8.1. Enerxía mecánica e traballo.
 - 8.1.1. Lei de conservación da enerxía mecánica. Aplicación.
- 8.2. Teorema das forzas vivas.
- 8.3. Sistemas conservativos.
 - 8.3.1 Forzas conservativas , enerxía potencial e traballo
- 8.4. Enerxía cinética e potencial do movemento harmónico simple.



Tema 9 Interacción electrostática.-

9.1. Diferenza de potencial eléctrico.

9.1.1. Trabajo e diferencia de potencial eléctrico

9.2. Analogías e diferencias entre interacción electrostática e gravitatoria.

4.1.3. AVALIACIÓNS: CONTIDOS. TEMPORALIDADE

Primeira avaliación.

Bloqu	Unidade.Contid	Sesións
2	Tema 2.- Leis e conceptos básicos da química	16
3	Tema 3.- Estequiometría e química industrial	16
5	Tema 5.- Química do carbono	13

Segunda avaliación

Bloq	Unidade.	Sesións
4	Tema 4.- Transformacións enerxéticas e espontaneidade.	15
1	Tema 1.- A física e a química ciencias experimentais.	6
6	Tema 6.- Cinemática do punto material, elementos e magnitudes...	22

Terceira avaliación

Bloqu	Unidade.	Sesións
7	Tema 7. Dinámica	18
8	Tema 8. Trabajo e enerxía mecánica.	14
8	Tema 9. Interacción electrostática	8

4.1.4. PROCEDEMENTOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN

O procedemento de avaliación empregado para pescudar o grao de evolución da aprendizaxe basearase na **observación continuada** do grao de maduración persoal, da adquisición dos conceptos físico químicos, da capacidade de interrelacionar os conceptos e do manexo adecuado dos significantes matemáticos e significados físico-químicos.

Os procedementos e instrumento de avaliación utilizados serán basicamente:

PROCEDEMENTOS

Análise da produción dos alumnos/as

Observación sistemática

Probas específicas

INSTRUMENTOS

Informes de Laboratorio. Traballos e exercicios.

Caderno do profesor

Exames e controis

4.1.5. CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN

En cada avaliación teremos:

- *Unha nota de probas específicas (exames).*- Faranse dúas probas por avaliación que estarán constituídas por:

PROBLEMAS NUMÉRICOS e/ou CUESTIÓNS de definición de conceptos e de comprensión e razoamento.



O profesor fará constar no exame a puntuación de cada problema e/ou cuestión nos que se avalíe o grado de consecución das competencias.

As probas escritas representarán o 80 % da nota da avaliación. E dicir haberá unha nota resultado da media das probas realizadas que terá un valor máximo de 8 puntos.

- *Unha nota de traballo de clase e laboratorio.*- Ao remate de cada avaliación cualificarase con un máximo de 2 puntos valorando nesta nota a adquisición de competencias demostrada.

No ANEXO II recóllense os pesos promedio dos estándares de aprendizaxe avaliados relacionados coas competencias:

Sobre a base dos pesos promedio máximos dos estándares de aprendizaxe avaliados relacionados coas competencias recollidos no anexo II a cualificación realizarase a partires da seguinte distribución:

FÍSICA Y	CL	CMCC	CD	CA	CSC	SIEE	CE	TOTA
	6,45	73,39	3,23	5,65	4,03	4,84	2,42	100,01
Proba escrita	6,45	73,39	0	0	0	0	0	79,84
Clase + Lab.	0	0	3,23	5,65	4,03	4,84	2,42	20,17

4.1.6. ELABORACIÓN DA NOTA FINAL DE CADA AVALIACIÓN.

A cualificación será a media das puntuacións acadadas nas probas escritas (exames) ás que se sumarán as cualificacións de traballos en clase e no laboratorio.

A avaliación estará superada si a media ten un valor igual ou superior a 5, sempre e cando en ningunha das probas escritas levase una cualificación inferior a 2,5. Se nunha das probas ten unha nota inferior a 2,5 e , como resultado da avaliación resulta unha nota igual ou superior a 5, aparecerá reflexada na avaliación unha nota de 4.

4.1.7. ELABORACIÓN DA NOTA FINAL DE CURSO

Os alumnos que non acaden a nota suficiente para superar a 1ª ou a 2ª avaliación disporán dunha proba de recuperación escrita no trimestre seguinte. O alumnado que non acade a nota suficiente na 3ª avaliación, poderá recuperar a mesma nunha proba final.

Ao final do curso , farase unha proba final, dividida por avaliacións , que todo alumno/a que teña algunha avaliación suspensa debera facer.

Se o alumno/a ten tres avaliacións suspensas , terá que facer , nesta proba, unha serie de preguntas das tres avaliacións, escollidas polo profesor.

Debe terse en conta que, a nota acadada nas recuperacións das avaliacións correspondentes (incluída a proba final) e unicamente a nota da proba escrita sobre 10 puntos.

Unha vez feita a proba procederemos como segue:

- Alumnos que teñan tódalas avaliacións aprobadas (nas avaliacións ou nas recuperacións correspondentes) :

Cualificación final: Nota media das avaliacións.

- Alumnos/as que van a proba final coas tres avaliacións suspensas: Poráselle a nota acadada nesa proba final.



- Alumnos/as con algunha avaliación suspensa: Suspendarán a materia e se lles porá a nota media das tres avaliacións (escollendo a mellor nota de cada avaliación se houberse varias). Se a media así calculada é igual ou superior a 5 puntos , reflexarase un 4 na nota final.
- CONVOCATORIA EXTRAORDINARIA: Farase unha proba semellante á proba final do alumnado coas tres avaliacións suspensas.

4.1.8. MATERIAIS E RECURSOS DIDÁCTICOS, INCLÚIDOS OS LIBROS DE TEXTO.

Recorreráse as exposicións-debate cos alumnos, a resolución de test nos que traballen por parellas e a chamadas puntuais nos que se aprecie a facilidade expositiva..
Con respecto o uso dos laboratorios estará condicionado as servidumes de profesorado e teremos que ter en conta o especificado no punto relativo a espazos e recursos.
Como libro de texto empregárase

**Física y Química 1º Bachillerato. Rodríguez Cardona y otros. Ed. Mc GraW Hill.
ISBN- 978-84-481-9514-2**

4.1.9. AVALIACIÓN INICIAL E ATENCIÓN A DIVERSIDADE

Ao comezo da parte correspondente a Química, realizarase una avaliación inicial cuxo cuestionario presente unicamente cuestións conceptuais aprendidas no ESO, con especial incidencia na formulación inorgánica.

Esta avaliación, non puntuable, ten como obxecto o pescudar se o alumno logrou alcanzar os obxectivos fixados con anterioridade, e de non ser así facer una revisión individualizada ou para homoxeneizar ó máximo o grupo.



4.2. SEGUNDO CURSO DE BACHARELATO. FÍSICA.

4.2.1. XUSTIFICACIÓN TEÓRICA DA CONCRECIÓN DE CONTIDOS

Seguiremos os estándares de aprendizaxe expostos pola CIUG así como assúas recomendación, facendo algunha variación, basicamente na orde de tratamento dos temas

Comezaremos polo Bloque 4 cunha revisión ao movemento harmónico simple que é fundamental para abordar con garantía o bloque 4.

A continuación trataremos o bloque 1, unidade 1, que se iniciará cunha revisión do método científico e con nocións do cálculo vectorial, facendo fincapé no significado físico da derivada dun vector, así como a derivada dun produto escalar de vectores respecto o tempo e a do produto vectorial de vectores. Con aplicación especial á derivada do momento angular, como antesala a súa aplicación en campos vectoriais. Tralo bloque 4, creemos oportuno afrontar os bloques 2 e 3, distribuídos en tres unidades: a unidade 3 pertencente ao bloque 2 e as unidades 3 e 4 ao bloque 3. A xustificación teórica baséase na crenza de que o alumnado debe distinguir claramente os campos conservativos daqueles que non o son, o modelo matemático aplicable aos primeiros, e as consecuencias que se derivan do carácter conservativo ou solenoidal dun campo vectorial.

O bloque 6 dividímolos en dúas unidades, a primeira relativa ás bases que conducen ao nacemento da física cuántica e a segunda como concreción na física atómica e de partículas.

Polo demais axustarémonos á orde establecida no Decreto de currículo.

4.2.2. CONCRECIÓN DE CONTIDOS

BLOQUE 1. A ACTIVIDADE CIENTÍFICA

UNIDADE 1.

A actividade científica

1. Importancia do concepto de magnitude nas ciencias experimentais.
2. Magnitudes fundamentais e derivadas no S.I.
3. O carácter das magnitudes e as operacións entre elas: magnitudes escalares e vectoriais.
 - 3.1. Produto escalar.
 - 3.2. Produto vectorial.
 - 3.3. Derivada dun vector.
 - 3.4. Momento de un vector respecto a un punto.
 - 3.5. Momento lineal e momento angular a súa conservación.
4. A Incertidume da medidas. Expresión de resultados.
5. A búsqueda de leis: tratamentos analítico e gráfico.
6. O Movemento harmónico simple. Revisión.

BLOQUE 4. VIBRACIONES E ONDAS

UNIDADE 2.

VIBRACIÓNS E ONDAS I

1. **Ondas harmónicas planas.**
2. Definición.
3. Tipos de ondas:
 - 3.1. Ondas lonxitudinais e transversais;
 - 3.2. Ondas mecánicas e electromagnéticas.
4. Magnitudes características:
 - 4.1. Lonxitude de onda, frecuencia, velocidade de propagación.
 - 4.2. Amplitude, frecuencia e velocidade da perturbación.
5. **Propiedades das ondas I. Enerxía e intensidade dunha onda esférica.**
 - 5.1. **modelo mecánico. Oscilador harmónico**
 - 5.2. **Atenuación, amortiguación e absorción da enerxía dunha onda.**
6. Propiedades das ondas II. *O modelo xeométrico de Huygens.*
 - 6.1. Reflexión. Lei de Snell.
 - 6.2. Refracción. Lei de Snell. Índice de refracción.
 - 6.3. Difracción.



7. Propiedades das ondas III
8. *Modelo matemático. Ecuación dunha onda harmónica*
 81. As interferencias. Principio de superposición. Interferencia construtiva e destrutiva.
 82. Ondas estacionarias.
9. Polarización: descrición cualitativa.

ONDAS MECÁNICAS: SONIDOS, ULTRASONIDOS E INFRASONIDOS.

1. Propagación do son. Velocidade de propagación do son.
2. Calidades do son: ton, intensidade e timbre.
3. Percepción do son.
4. Efecto Dopler.
5. Resonancia: concepto e descrición cualitativa mediante exemplificacións.

ONDAS ELECTROMAGNÉTICAS: LUZ VISIBLE E OUTRAS RADIACIÓNS ELECTROMAGNÉTICAS.

1. LUZ VISIBLE.
2. Reflexión
3. Refracción. Índice de refracción.
4. Polarización
5. Dispersión de la luz.
6. Prisma óptico. Espectro de la luz visible.

BLOQUE 2. INTERACCIÓN GRAVITATORIA

UNIDADE 3

CAMPOS CONSERVATIVOS I. Interacción gravitatoria.

CONCEPTO DE "CAMPO"

1. Campos escalares. Liñas e isosuperficies.
2. Campos vectoriais. Liñas de campo.
3. Operacións en campos vectoriais
 - 3.1. Circulación o longo dunha liña.
 - 3.1.1. Campo conservativo.
 - 3.1.2. Potencial nun punto
4. Fluxo a traveso dunha superficie.
5. Intensidade de campo. Número de liñas e intensidade de campo.
6. Forzas centrais. Principio de conservación do momento angular.
7. Forzas conservativas. Enerxía e traballo.

8. Conservación da enerxía mecánica.

INTERACCIÓN GRAVITATORIA

1. Modelos do universo. Revisión histórica.
2. Leis de Kepler.
3. Lei da Gravitación Universal
4. As leis de Kepler e a lei de Gravitación Universal.
5. Período de revolución dun planeta.
6. Interacción dun conxunto de masas puntuais. Principio de superposición.
 - 6.1. Masas puntuais. Principio de superposición.
 - 6.2. Intensidade do campo gravitatorio nun punto. Forza gravitatoria.
 - 6.3. Potencial gravitatorio. Enerxía potencial gravitatoria.
 - 6.4. Traballo realizado polo campo para trasladar una masa puntual: diferenza de potencial.
7. Campo creado por una distribución uniforme de masa.
8. Aplicación a unha esfera: Teorema de Gauss.
9. Aplicacións ó estudo do campo gravitatorio terrestre
 - 9.1. Intensidade do campo gravitatorio terrestre
 - 9.2. Variación da "g" coa altura, a profundidade e a latitude
 - 9.3. Enerxía potencial gravitatoria terrestre

Satélites: velocidade orbital e velocidade de escape

BLOQUE 3. INTERACCIÓN ELECTROMAGNÉTICA

UNIDADE 4.

CAMPOS CONSERVATIVOS II. Electrostática.

1. Forza electrostática.
2. Descrición dos fenómenos electrostáticos. Condutores e illantes.
3. Carga eléctrica.
4. Forza entre cargas en repouso; lei de Coulomb. Superposición.
5. Campo electrostático.
6. Cargas puntuais. Principio de superposición.
 - 6.1. Intensidade de campo nun punto. Forza electrostática.
 - 6.2. Potencial electrostático nun punto.
 - 6.3. Traballo realizado polo campo: diferenza de potencial.
7. Campo dunha distribución continua de cargas: Teorema de Gauss.
 - 7.1. esfera,
 - 7.2. plano



- 7.3. fio infinito.
- 8. Enerxía potencial electrostática.**
- 9. Relación unidimensional entre intensidade de campo e potencial electrostático.**
10. Intensidade de campo e Potencial de condutores cargados.
- 10.1. A distribución de la carga
- 10.2. Representacións gráficas da intensidade de campo e o potencial electrostático.

UNIDADE 5.

CAMPOS SOLENOIDALES. Electromagnetismo.

1. **Imáns naturais.**
2. **Campo magnético no baleiro.** Liñas de campo.
3. As cargas en movemento como orixe do campo magnético: experiencias de Oersted.
4. Forza magnética sobre unha carga en movemento no seo dun campo magnético: lei de Lorentz.
5. Definición e unidades de B: movemento de cargas nun campo magnético uniforme.
6. Descrición dos imáns naturais como creadores de campo magnético. Correntes microscópicas.
7. Interaccións entre campos magnéticos y correntes.
8. Forza magnética sobre unha corrente rectilínea. Lei de Laplace.
9. Campo creado por un fio infinito. Lei de Biot y Savart.
10. Circulación de B o longo dunha liña pechada. Lei de Ampere.
11. Campo creado por un solenoide.
12. Forza magnética entre dúas correntes rectilíneas indefinidas:
13. Definición internacional de amperio.
14. Definición de coeficiente de autoindución dunha bobina (relación Fluxo/Intensidade). Unidades.
15. Forza electromotriz inducida. Lei de Lenz-Faraday.
- 16. Analogías e diferenzas entre campos gravitatorio, eléctrico e magnético.**
- 17. Producción de correntes alternas. Descrición dun xerador elemental.**

BLOQUE 6. FÍSICA DO SÉCULO XX

UNIDADE 6.

AS BASES DA FÍSICA CUÁNTICA.

1. Teorías acerca da natureza de la luz.
 - 1.1. Newton vs Huygens
 - 1.2. O Experimento da dobre fenda.
 - 1.3. Maxwel. Predición de ondas electromagnéticas.
2. Feitos experimentais.
 - 2.1. Hertz. Producción y detección de ondas electromagnéticas.
 - 2.2. O experimento de Michelson e Morley.
 - 2.3. O efecto fotoeléctrico.
 - 2.4. Espectros atómicos.
 - 2.5. Radiación do corpo negro. Hipótese de Planck.
3. Relatividade de Galileo. Sistemas inerciais.
 - 3.1. Ecuacións de transformación.
 - 3.2. Transformación de Lorentz.
4. Albert Einstein teoría relatividade especial.
 - 4.1. Postulados de Einstein.
 - 4.2. Principio de conservación do momento lineal e a masa relativista.
 - 4.3. Masa e enerxía relativista.
5. Albert Einstein e o efecto fotoeléctrico.
 - 5.1. Momento lineal e enerxía dun fotón.
 - 5.2. Compton e a verificación da hipótese de Einstein.

UNIDADE 7.

OS ÁTOMOS A LÚS DA FÍSICA CUÁNTICA.

A CORTIZA

1. Os espectros atómicos.
 - 1.1. O modelo de Bohr.
 - 1.2. L.M.de Broglie: dualidade onda corpúsculo
 - 1.3. Principio de incertidume de Heisemberg.
6. A mecanocuántica ondulatoria.
 - 6.1. Ecuación se Schroedinger.
 - 6.2. Concepto de orbital.
7. Emisión espontánea y emisión estimulada de fotóns: LASER

O NÚCLEO

8. Núcleo atómico.
 - 8.1. Constitución.
 - 8.2. Forzas nucleares.
 - 8.3. Enerxía de enlace.
 - 8.4. Defecto de masa.



9. Radioactividade:
 91. Desintegracións e transformacións nucleares.
 92. Fisión e fusión nuclear.
10. As interaccións nucleares forte e débil.
11. As partículas elementais.
 - 11.1. Leptóns
 - 11.2. Quarks.
12. Historia e composición do universo.

BLOQUE 5, ÓPTICA XEOMÉTRICA

UNIDADE 8. OPTICA

1. Aproximación xeométrica á luz.
 - 1.1. Raio e feixe.
 - 1.2. Propagación rectilínea.
 - 1.3. Sombras e penumbra.
2. Leis da reflexión. Formación de imaxes por espellos.
3. Leis da refracción.
 - 3.1. Índice de refracción.
 - 3.2. Ángulo límite.
4. Dióptrios. Formación de imaxes por lentes delgadas.
5. Instrumentos ópticos: ollo, lupa, microscopio e telescopio.
6. **Aproximación ondulatoria.**
7. Ondas electromagnéticas.
8. Espectro e cor.
9. Aplicación das propiedades das ondas ó caso da luz: interferencia, difracción e polarización.

4.2.3. AVALIACIÓNS: CONTIDOS. TEMPORALIDAD

Bloq	Unidade. Contido	Sesións
1	1. Vibracións e ondas	14
4	2. Método científico. A súa aplicación	8
2	3. Campos Conservativos I: campo gravitatorio	18
Total		40

Bloq	Unidade. Contido	Sesións
3	4. Campos Conservativos II. Campo electrostático	16
3	5. Campo magnético. Electromagnetismo	16
5	6. Óptica Xeométrica	10
Total		34

B	Unidade. Contido	Sesións
5	7 As bases da física cuántica. Cuántica	12
6	8. Os átomos a luz da física	12
Total		24

4.2.4. PROCEDEMENTOS E INSTRUMENTOS DA AVALIACIÓN

O procedemento de avaliación empregado para pescudar o grao de evolución da aprendizaxe basearase na **observación continuada** do grao de maduración persoal, da adquisición dos conceptos físico químicos, da capacidade de interrelacionar os conceptos e do manexo adecuado dos significantes matemáticos e significados físico-químicos.

Os procedementos e instrumento de avaliación utilizados serán basicamente:

PROCEDEMENTOS

Análise da produción dos alumnos/as

Observación sistemática

INSTRUMENTOS

Informes de Laboratorio. Traballos e exercicios.

Caderno do profesor



Probas específicas

Exames e controis

4.2.5. CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN

En cada avaliación teremos:

- *Unha nota de probas específicas (exames).*- Faranse dúas probas por avaliación que estarán constituídas por:

PROBLEMAS NUMÉRICOS e/ou CUESTIÓNNS de definición de conceptos e de comprensión e razoamento.

